Plan Galego das
Persoas Maiores
2010-2013
Horizonte 2015

# Informe de seguimento

# 2014

XUNTA DE GALICIA

# Informe de seguimento 2014

## Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015

**Xunta de Galicia**

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Santiago de Compostela

2015

© Xunta de Galicia.2015. *Informe de seguimento, 2014. Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015*
EDITA: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
ELABORA E COORDINA: Rosa B. Torrado Carreño
URL: http://ediciontraballo.xunta.es/web/portal/publicacions-recursos?activo2=sop4

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/

# Índice


**I. INTRODUCIÓN ....................................................................................................7**

**II. BREVE DESCRICIÓN DO PROCEDEMENTO OPERATIVO PARA O SEGUIMENTO 2014 ............9**

**III. PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓNS 2014 POR NÚCLEO DE ACCIÓN ..............................12**

**IV. RESULTADOS OBTIDOS NO EXERCICIO 2014.....................................................16**

IV.1. Núcleo de acción 1: Promoción de valores e protección de dereitos................................ 18

IV.2. Núcleo de acción 2: Envellecemento activo e participación social .................................. 33

IV.3. Núcleo de acción 3: Prestación de servizos con eficacia e calidade ................................. 64

IV.4. Núcleo de acción 4: Cooperación transversal ................................................................ 90

**V. RESUMO..................................................................................................101**

V.1. Actuacións de nova incorporación en 2014.................................................................. 101

V.2. Resumo estatístico dos resultados ................................................................................ 107

V.3. Análise xeográfica ....................................................................................................... 114

**ANEXO - RELACIÓN DE PERSOAS DE CONTACTO POR DEPARTAMENTO/ORGANISMO RESPONSABLE ..........................................................................................117**

Departamentos da Xunta de Galicia ................................................................................ 117

Universidades.................................................................................................................. 118

Organizacións de persoas maiores ................................................................................... 119

Outros............................................................................................................................ 119

**Índice de táboas ........................................................................................120**

**Índice de gráficos.......................................................................................121**

# I. INTRODUCIÓN

No ano 2010, o Goberno galego puxo en marcha o Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015. O dito plan recolle unha perspectiva multidimensional que busca, en liña coa importancia que o colectivo conformado polas persoas maiores ten na sociedade galega actual, elevar os valores do envellecemento ao centro das políticas da Xunta de Galicia.

Preto de 650.000 persoas superaban en Galicia os 65 anos de idade en 2014, o que representaba o 23,6 % do total da poboación galega[1]. Ningunha persoa, por razóns de proximidade familiar, social ou exercicio profesional, é allea ás necesidades deste colectivo, unha das razóns fundamentais que evidenciou a necesidade dunha intervención e actuación do Goberno galego orientada á elaboración dun instrumento de planificación e coordinación estratéxica das actuacións, dos recursos e dos programas destinados ás persoas maiores para os vindeiros anos.

O seu precedente, o Plan galego de persoas maiores 2001-2006, definiu, a partir da detección das necesidades e demandas concretas das persoas maiores existentes naquel momento, a estratexia de acción para ordenar o conxunto de actuacións e recursos da Administración autonómica dirixidos a este colectivo social naquel período temporal. Porén, e se se ten en conta o profundo cambio cualitativo nos principios reitores das actuacións, dos recursos e dos programas destinados a este sector da poboación, recollía medidas non axeitadas aos cambios acontecidos, en especial aos derivados da incorporación ao marco normativo da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e a súa normativa de desenvolvemento, así como da nova Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

En resposta ás necesidades deste grupo de poboación, o Plan galego das persoas maiores 2010-2013 estruturouse en catro núcleos de acción sobre os que se definiron 19 obxectivos operativos, 69 medidas e 125 actuacións encamiñadas a lograr un maior recoñecemento social da persoas maiores, a mellora dos mecanismos para a protección dos seus dereitos, a protección da saúde, a promoción da autonomía e o envellecemento activo e a mellora dos recursos asistenciais.

Como parte do proceso de seguimento e avaliación, o plan de acción prevé a elaboración de informes anuais de seguimento para dar conta das actuacións executadas en cada exercicio, así como dunha estimación das persoas beneficiarias.

O presente documento correspóndese co **informe de seguimento das actuacións** realizadas polo Goberno galego e outras organizacións **durante a anualidade 2014** en resposta á programación establecida no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015, para o dito exercicio ademais doutras actuacións de nova incorporación.

[1] 648.045 persoas maiores de 65 anos sobre un total de 2.748.695 (Estatística do padrón continuo. INE, 1 de xaneiro de 2014)

Os contidos do informe estrutúranse en capítulos, segundo se sinala a continuación:

- No **capítulo II** descríbese o procedemento adoptado para levar a cabo o seguimento 2014 do plan.
- O **capítulo III** describe a programación anual do conxunto de actuacións do plan e, de forma específica, a correspondente a 2014.
- O **capítulo IV** constitúe a esencia deste informe, porque se corresponde cos resultados obtidos en 2014, e preséntanse os indicadores de seguimento de todas as actuacións do plan, distribuídas por medidas e por obxectivos operativos. Este capitulo, pola súa vez, divídese en catro grandes epígrafes, unha por cada núcleo de acción, e finaliza cun apartado de resumo executivo cos principais resultados estatísticos do núcleo correspondente.
- Por último, o **capítulo V** é un resumo estatístico das variables de maior interese para o seguimento do plan. Sintetiza os niveis de execución acadados a través de datos estatísticos (números absolutos e porcentaxes) e os resultados en relación con outras variables: persoas beneficiarias, orzamento, localización e hábitat e ámbito de cobertura. Así mesmo, dáse conta dos cambios realizados nalgunhas medidas/actuacións respecto da versión orixinal do plan e a raíz do seguimento realizado.

O informe recolle unha parte de anexos como complemento da información recollida e analizada: a relación dos departamentos administrativos e dos organismos e entidades implicadas no plan aos que se lles remitiu a ficha de seguimento 2014 para a recollida de información.

# II. BREVE DESCRICIÓN DO PROCEDEMENTO OPERATIVO PARA O SEGUIMENTO 2014

Recórdanse unha vez máis neste informe as estruturas creadas en 2011 para apoiar e facer efectivo o seguimento continuado do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015: por un lado, o **equipo director do Plan galego das persoas maiores**, creado o 14 de xaneiro de 2011, no que participan representantes da Secretaría Xeral de Política Social, da Secretaría Xeral da Igualdade e do movemento asociativo vinculado ás persoas maiores. E con posterioridade tamén se uniu a Secretaría Xeral de Emigración dando consecución a unha das actuacións do plan.

Por outro lado, o 21 de decembro de 2011, creouse a **Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores**, en cumprimento dunha das medidas que se prevían executar dentro do plan. Esta comisión, constituída por representantes de cada unha das consellerías e secretarías xerais da Presidencia da Xunta de Galicia, desempeñaría as funcións definidas no propio documento do plan e que son as seguintes:

- Incorporación da perspectiva do envellecemento a medidas de tipo sectorial realizadas polas distintas consellerías da Xunta de Galicia.
- Difusión a outros departamentos das medidas sectoriais dun departamento concreto que xa estivesen orientadas previamente ás persoas maiores.

No momento da súa constitución, acordouse que a comisión, por proposta do equipo director do plan, contribuise ademais a:

- Impulsar o desenvolvemento das actuacións e a consecución dos obxectivos específicos previstos no plan nos diferentes ámbitos de actuación en que este se desenvolve.
- Propoñer a inclusión de novas actuacións que se incorporarán en cada departamento e a supresión daquelas que non se están executando, e indicar cal é o motivo.
- Aprobar as modificacións tanto das medidas coma dos indicadores que se propoñan para adaptalos ás actuacións que se van desenvolver cada ano en cada consellería ou secretaría xeral.
- Facilitar a información relativa ao grao de execución das actuacións, a través das fichas de seguimento establecidas para o efecto, coa finalidade de elaborar os correspondentes informes anuais de seguimento.

A reunión anual da Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores tivo lugar o día 14 de xullo de 2014 e contou coa asistencia das persoas representantes da Presidencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Traballo e Benestar, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (área Educación), da Consellería de Sanidade e da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Non asistiron os e as vogais en representación da área Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; da Consellería de Facenda; da Consellería de Economía e Industria; e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

As cuestións establecidas como orde do día foron as seguintes:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da 3.ª xuntanza da Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, Horizonte 2015.
2. Aprobación do informe de seguimento 2013.
3. Rogos e preguntas.

Entre os acordos adoptados, cómpre sinalar os que afectan directamente ao proceso de seguimento do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, para aplicar no seguimento 2014:

- Tendo en conta o éxito das melloras acadadas no seguimento do plan durante os anos anteriores, decídese manter estas tamén no proceso de 2014: seguimento por actuación fronte ao seguimento por medida (coa correspondente definición de indicadores, departamentos ou entidades responsables…), nova estrutura e deseño do informe, inclusión por separado de persoas e entidades destinatarias, incorporación dun resumo ao final de cada núcleo etc.
- Acórdase continuar co mesmo modelo de ficha de seguimento para a recollida da información relativa a 2014 e remitilas no mes de setembro a todos os departamentos para que conten con antelación suficiente coa relación de actuacións asignadas a cada un, ao tempo que poden ir recompilando os datos doutras actuacións non previstas (as de nova incorporación).
- E tamén continuar a realizar un esforzo na recompilación de todas aquelas medidas e actuacións que están a desenvolver os distintos departamentos da Xunta de Galicia, e que afectan directa ou indirectamente ás persoas maiores, aínda cando non estean incluídas no plan, de cara a que o informe de seguimento anual sexa un reflexo o máis fiel posible do labor que se está a desenvolver na comunidade galega en relación ás persoas maiores.

O resultado das achegas e das suxestións realizadas incorporáronse ao procedemento de seguimento para o ano 2014, dende a elaboración das fichas para a recollida de información, ata o informe resultante que se presenta neste documento.

Para a elaboración das novas fichas tivéronse en conta as mencionadas directrices. Por un lado, incorporáronse:

- As medidas e as actuacións programadas para a ano 2014.
- As medidas e as actuacións que se pospuxeron dende o ano 2012 (actuacións 1.4.5.1, 3.3.3.2, 3.4.2.3,).
- As novas incorporacións do ano 2011 con continuidade (actuación 4.3.3.4).

- As novas incorporacións do ano 2012 con continuidade (actuacións 2.1.3.1, 2.1.4.5, 2.1.4.6, 2.2.2.4, 2.4.2.2, 2.4.2.3, 2.4.2.4, 3.2.5.1, 4.3.3.5).
- As novas incorporacións do ano 2013 con continuidade (actuación 2.1.4.7)

Por outro lado, elimináronse as actuacións sobre as que se tomou a decisión de non continualas no resto das anualidades por diversos motivos (porque xa se remataron, pola imposibilidade legal ou manifesta de levalas a cabo …). É o caso das actuacións 2.1.4.2, 3.1.7.2, 3.1.8.4, 4.3.1.1 ou 4.4.1.1.

Por último, tras a primeira convocatoria da Comisión Interdepartamental para a Atención das Persoas Maiores, as actuacións 4.1.1.1 e 4.1.1.2 fusionáronse, como tamén as actuacións 2.2.2.1 e 2.2.2.2, e as actuacións 4.1.2.1 e 4.1.2.2, a partir da análise da información recollida con motivo do seguimento 2014.

Unha vez recompilada a información, procedeuse á súa validación, tratamento e análise para a posterior elaboración deste informe, que se converte deste xeito, na cuarta análise referida a unha anualidade completa do plan, na que xa se reflicten leccións aprendidas no proceso levado a cabo ata o momento e tamén novas actuacións.

Cómpre agradecer unha vez máis o esforzo dos organismos e das entidades participantes[2], xa que sen o seu apoio e colaboración a elaboración deste informe non sería posible.

[2] O anexo 1 recolle un cadro que no que se mostra a totalidade dos organismos implicados e as persoas de contacto designadas para o seguimento do plan.

# III. PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓNS 2014 POR NÚCLEO DE ACCIÓN

Dende a súa aprobación e posta en marcha, o Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015, converteuse na folla de ruta das políticas públicas de atención ás persoas maiores na comunidade galega durante o seu período de vixencia, a través de catro núcleos de acción nos que se definiron 19 obxectivos operativos, 69 medidas e 125 actuacións destinadas á atención integral das necesidades das persoas maiores, na súa versión orixinal.

Porén, o plan, en constante evolución, permite a incorporación doutras medidas ou actuacións durante a súa vixencia, así como a reprogramación e mesmo a redefinición doutras existentes. Por iso, como consecuencia do traballo de seguimento das anualidades anteriores (2011, 2012 e 2013), a iniciativa dos departamentos/entidades competentes e coa supervisión e validación, tanto da Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores como do equipo director de seguimento, producíronse algúns cambios que se fixeron efectivos a partir dos seguimentos 2011 (ademais doutros que proceden da I Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores e que afectan a actuacións programadas a partir de 2012[3]), 2012 e 2013.

Estes cambios poden incluír tamén modificacións relativas aos indicadores ou a substitución dalgunhas medidas e actuacións por outras máis axeitadas ás competencias e aos recursos dispoñibles do departamento competente.

A táboa 1 resume o número de actuacións e de medidas programadas inicialmente e tamén as programadas para 2014 tras a aplicación dos cambios comentados que afectan tanto ao conxunto coma a esta anualidade.

O documento de planificación recolle na súa nova versión e, en conxunto, 71 medidas[4] e 134 actuacións[5] que se distribúen do xeito seguinte: 28 no núcleo de acción 1 "Promoción de valores e protección de dereitos", as 43 do núcleo 2 "Envellecemento activo e participación social", as

[3] É o caso da fusión e da redefinición das actuacións 4.1.1.1 e 4.1.1.2.

[4] O número de medidas do plan, considerado no seu conxunto, na súa versión 2014 é de 71 fronte ás 69 iniciais debido á incorporación no ano 2012 das medidas 1.4.5 e 3.2.5.

[5] O número de actuacións do plan, considerado no seu conxunto, na súa versión 2014 é de 134 fronte ás 125 iniciais, ás 122 do ano 2011, ás 123 do 2012 ou ás 135 do ano 2013. Estas variacións débense a:

- Reestruturación na definición das actuacións comprendidas nas medidas 2.2.3, 3.1.2, 4.4.1.
- Incorporación das actuacións 4.2.1.2 e 4.3.3.4 e fusión das actuacións 4.1.1.1 e 4.1.1.2. na 4.1.1.1., con motivo do seguimento 2011.
- Durante o ano 2012 súmanse as actuacións 1.4.5.1, 3.2.5.1, 2.1.3.2, 2.1.4.5, 2.1.4.6, 2.2.2.4, 2.4.2.2, 2.4.2.3, 2.4.2.4, 3.3.3.2, 3.4.2.3 e 4.3.3.5.
- Incorporación da actuación 2.1.4.7 no seguimento 2013.
- Fusión das actuacións 2.2.2.1 e 2.2.2.2 na 2.2.2.1, e das actuacións 4.1.2.1 e 4.1.2.2. na 4.1.2.1., con motivo do seguimento 2014.

47 do núcleo 3 “Prestación de servizos con eficacia e calidade” e, por último, as 16 do núcleo 4 “Cooperación transversal”.

A programación para a anualidade obxecto de seguimento –2014– era de 60 medidas e 113 actuacións, distribuídas como segue:

- 19 no núcleo de acción 1,
- 39 no núcleo 2,
- 42 no núcleo 3,
- 13 do núcleo 4.

**Táboa 1: Actuacións programadas para o ano 2014 en relación co total do período do plan**

| NÚCLEO DE ACCIÓN | N.º obxectivos operativos | N.º total | | Programación 2014 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Medidas | | Actuacións | |
| | | Medidas | Actuacións | N.º | %* | N.º | %.* |
| 1. Promoción de valores e protección de dereitos | 4 | 14 | 28 | 9 | 64,3% | 19 | 67,9% |
| 2. Envellecemento activo e participación social | 5 | 20 | 43 | 18 | 90,0% | 39 | 90,7% |
| 3. Prestación de servizos con eficacia e calidade | 6 | 28 | 47 | 25 | 89,3% | 42 | 89,4% |
| 4. Cooperación transversal | 4 | 9 | 16 | 8 | 88,9% | 13 | 81,3% |
| **TOTAIS** | **19** | **71** | **134** | **60** | **84,5%** | **113** | **84,3%** |

*Indica o peso porcentual das medidas e das actuacións programadas nese núcleo e nesa anualidade respecto do total en todo o período de vixencia do plan.

Nos seguintes gráficos, obsérvase que ao achegarse ao final do periodo contemplado para a primeira vixencia do plan redúcese o peso das medidas e das actuacións programadas para a anualidade de referencia sobre o total do período 2010-2013, horizonte 2015.

No que respecta ás medidas (gráfico 1), é no núcleo 2 no que se aprecia unha maior peso de medidas e o núcleo de acción 1 está no polo oposto.

No tocante ás actuacións (cun maior nivel de concreción), obsérvase a mesma tendencia e é no núcleo 2 “Envellecemento activo e participación social” onde se observa unha maior porcentaxe (90,7 %) no ano 2014. Seguidamente atópase o núcleo 3 “Prestación de servizos con eficacia e calidade” cun 89,4 %, o núcleo 4 “Cooperación transversal” cun 81,3 % e, por último, o núcleo 1 “Promoción de valores e protección de dereitos”, por debaixo do 70 % (67,9 %).

En conxunto, as 113 actuacións programadas para 2014 representan o 84,3 % das establecidas polo plan.

### Gráfico 1: Medidas programadas para o ano 2014 en relación co total do período do plan




### Gráfico 2: Actuacións programadas para o ano 2014 con relación ao total do período do plan




Como xa se comentou en informes de seguimento anteriores, estas elevadas proporcións de programación de actuacións na anualidade de referencia teñen parte da súa explicación no feito de que no plan o cronograma de execución se especifica por medida e non por actuación. Polo tanto, para o seu seguimento considerouse que o cronograma establecido para cada medida afecta por igual a cada actuación. Esta cuestión tamén veu xerando certa distorsión nos índices de execución "por actuación", xa que os departamentos podían non executar actuacións puntuais en principio programadas para o exercicio por considerar que se podían levar a cabo noutras anualidades.

Precisamente en relación con esta peculiaridade do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, o informe de seguimento 2011 incorporou un importante valor engadido respecto do informe 2010 por canto partía da base da consideración tanto das medidas coma das actuacións para

medir os niveis de execución; e non só das medidas, como se procedeu en 2010.[6] Os seguimentos 2012, 2013 e 2014 continúan nesta mesma liña, segundo os acordos adoptados nas xuntanzas das estruturas creadas para o seguimento do plan (equipo director e Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores).

[6] Cómpre ter en conta que a estrutura do Plan galego das persoas maiores presenta un total de catro niveis estruturais: 1) núcleo de acción, 2) obxectivo operativo, 3) medida e 4) actuación. En consecuencia, a actuación debe de ser o último elemento estrutural que hai que ter en conta no proceso de seguimento.

# IV. RESULTADOS OBTIDOS NO EXERCICIO 2014

Este capítulo constitúe o núcleo central do informe de seguimento 2014 do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015, porque nel se recollen os resultados das actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2014 no marco do citado plan.

O proceso de recollida de información tivo lugar, como vén sendo habitual, por parte de cada departamento administrativo e entidade implicada. Non obstante, a **análise da información e a presentación desta levouse a cabo por núcleo de acción**, a partir da estrutura establecida no propio plan (no seu documento orixinal) en canto a obxectivos operativos, medidas e actuacións. Por este motivo, os contidos deste capítulo distribúense en catro grandes epígrafes, unha por cada núcleo de acción.

Cada **epígrafe** presenta a seguinte **estrutura**:

- Unha **parte introdutoria** na que se describe, como recordatorio, a finalidade e os obxectivos operativos de cada núcleo de acción. Tamén se sinala o número de medidas e de actuacións na anualidade 2013 e se relacionan os departamentos responsables.
- A continuación, **inclúense unha serie de cadros, un por cada medida programada dentro do seu correspondente obxectivo operativo.** En cada cadro relaciónanse todas as **actuacións programadas e as de nova incorporación.** Para cada medida sinálase información relativa ao **calendario de execución**[7], e para cada actuación indícase:
    - o/s **departamento/s e outras entidades** responsables da súa execución[8],
    - as **persoas destinatarias** ou as entidades destinatarias,
    - os **resultados segundo os indicadores establecidos** para o seguimento do plan.
    - e o **orzamento** destinado.

  Ademais destes datos, inicialmente solicitados a cada **departamento ou entidade responsable,** engádese nalgúns casos outra información de interese ou explicacións que axudan a entender a actividade realizada (sempre en función da información facilitada ao equipo director do plan por parte de cada organismo/entidade, a través da ficha de seguimento 2014).

---

[7] Tal e como se explicou anteriormente, enténdese extensivo a cada unha das actuacións que a integran para o seu seguimento.

[8] Neste informe 2014, e para o nomeamento dos departamentos da Xunta de Galicia implicados, respéctase o nome das consellerías e dos departamentos vixente en 2013 tras as reestruturacións da estrutura orgánica da Xunta de Galicia realizadas a principios da dita anualidade. Isto implica que o nome do departamento responsable dunha determinada actuación pode diferir do que aparece no documento público orixinal do plan.

A información exponse segundo o seguinte esquema:

| NÚCLEO DE ACCIÓN |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO |

| MEDIDA | Calendario de execución |
|---|---|

| **ACTUACIÓN**<br>*Departamentos e outras entidades responsables da execución* | Persoas/Entidades destinatarias |
|---|---|
| | Resultados segundo indicadores |
| | Orzamento |

- Despois do cadro, **resúmese o nivel de execución do núcleo de acción** a partir de dous indicadores:
  - por un lado, a porcentaxe de medidas que tiveron actividade en 2014 respecto do total de medidas previstas e engadidas para ese exercicio dentro dese núcleo;
  - por outro lado, a porcentaxe de actuacións realizadas respecto do total incluído no mesmo núcleo de acción.
- Por último, preséntanse, a través de táboas e gráficos, unha serie de datos estatísticos que amosan o número de persoas **beneficiarias** directas das actuacións desenvolvidas por núcleo de acción e a súa distribución por sexo **a partir só das actuacións nas que está dispoñible este dato. Polo tanto, han de ter a consideración de estimativas**.

En relación co anterior, cómpre indicar que **para o cálculo dos niveis de execución adóptase como criterio para a consideración dunha actuación como "executada" o feito de que tivese algunha actividade en 2014, aínda cando esta non se rematase nesa anualidade** (malia que así estivese previsto).

A cor das celas onde se inclúe a información relativa ás persoas destinatarias, aos resultados e ao orzamento é gris se a actuación non foi executada no período 2013 e verde se non estaba programada no plan, segundo a versión resultante das modificacións introducidas a proposta da Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores na convocatoria de decembro de 2011 e das introducidas con motivo do seguimento 2011, 2012 e 2013.

## IV.1. NÚCLEO DE ACCIÓN 1: PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS

O primeiro núcleo de acción do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 céntrase no deseño de ferramentas e medidas de actuación destinadas á protección e á defensa dos dereitos das persoas maiores e, sobre todo, das mulleres maiores, e á creación de instrumentos que permitan superar os estereotipos sociais negativos asociados á vellez mediante a proxección dunha imaxe normalizada e revalorizada das persoas maiores como transmisoras de coñecementos útiles para o avance social da nosa comunidade.

Nesta liña de traballo, o plan establece como finalidade principal do seu primeiro núcleo os seguintes obxectivos xerais:

1. **Mellorar a imaxe social das persoas maiores promovendo a superación dos estereotipos tradicionais vinculados ao envellecemento e fomentando a difusión e a proxección dos valores positivos asociados a esta etapa da vida.**
2. **Garantir a difusión, a protección e a defensa dos dereitos das persoas maiores e sobre todo das mulleres como colectivo especialmente vulnerable ante actuacións discriminatorias.**

A consecución destes obxectivos xerais realizarase mediante o establecemento dun conxunto de medidas articuladas arredor de catro obxectivos operativos:

**OBXECTIVO OPERATIVO 1: Difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 2: Difundir os dereitos das persoas maiores.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 3: Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 4: Reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores.**

Os organismos e as entidades sinaladas no plan como responsables da súa execución son:

- Escola Galega de Administración Pública-EGAP (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
- Consellería de Sanidade
- Consellería do Medio Rural e do Mar
- Fiscalía Superior de Galicia
- Funga
- S. X. da Igualdade
- S. X. de Medios

- S. X. de Política Social
- S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar
- D. X. de Familia e Inclusión

Aos citados departamentos súmase en 2014 a Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (ASOGAPEN)

Os catro obxectivos operativos descritos comprenden un total de 14[9] medidas das que 9 estaban programadas inicialmente para a anualidade 2014. A estas hai que engadir unha nova incorporada durante o ano en cuestión: a medida 1.3.4 a cargo de ASOGAPEN

Estas medidas executanse a través de 28[10] actuacións programadas no conxunto do plan, 19[11] delas previstas desde un inicio para o ano analizado ás que hai que sumar unha correspondente á nova medida: a 1.3.4.1

Os resultados de execución dese grupo de medidas e actuacións durante o exercicio detállanse nos seguintes cadros.

[9] Pasa de 13 a 14 debido a incorporación dunha nova medida durante o exercicio 2012 (1.4.5 "Apoio a mulleres en situación de especial vulnerabilidade").
[10] Pasa de 27 a 28 debido á incorporación dunha nova actuación proposta e executada durante o 2012 (que se corresponde coa medida de nova incorporación antes mencionada) polo departamento administrativo competente: "1.4.5.1.Liña de subvencións dirixida a entidades de iniciativa social para a realización de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, entre elas, mulleres maiores soas."
[11] Das 19 actuacións programadas para o ano 2014, 18 correspóndense coas establecidas inicialmente no plan de acción e unha deriva da continuación dunha nova actuación incorporada durante o 2012 (indicada na nota anterior).

**NÚCLEO DE ACCIÓN 1:**
**PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS**

**OBXECTIVO OPERATIVO 1.1:**
**Difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade**

| **MEDIDA 1.1.1 Desenvolvemento de actuacións para a mellora da imaxe social das persoas maiores e para a promoción dos valores positivos asociados ao envellecemento.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.1.1.1**<br>**Desenvolvemento de actuacións de sensibilización, dirixidas á sociedade en xeral ou a colectivos específicos, en colaboración con outros departamentos públicos ou entidades privadas.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*S. X. de Medios* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. de Política Social**: sociedade en xeral. |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social**:<br>**Accións Publicitarias Área Política Social (2014 - Gabinete Consellería de Traballo e Benestar):**<br>PLUS ES MAS: Espazo fixo no portal dixital. Ligazón á web de Benestar (todo o ano 2014). Apartado de administración informa.<br>NOSOTROS LOS MAYORES: subscricións mensuais a residencias de Galicia (86 exemplares).<br>ENTRE MAYORES: Subscricións e cinco reportaxes no xornal *Entre Maiores*, relacionados con temas da área de Benestar.<br>GRUPO SENDA:<br>Subscricións mensuais da revista *Senda* a 26 residencias de Galicia.<br>Subscricións mensuais da revista *Balance* a 26 residencias de Galicia.<br>6 microespazos no programa de radio "palabras maiores".<br>2 reportaxes 1 páx. en *Senda* Sénior.<br>3 reportaxes 1 páx. en *Balance* da Dependencia.<br>COLEXIO OFICIAL DE FISIOTERAPEUTAS DE GALICIA: elaboración, contidos e ilustracións, maquetación e deseño para unha guía en formato dixital de Consellos de Fisioterapia para coidadores e coidadoras de maiores e persoas en situación de dependencia.<br>BAP CONDE: Tradución e subtítulo en inglés do vídeo de Envellecemento activo (90"). |
| | Orzamento | **S. X. de Política Social**: 40.450,50 €<br>PLUS ES MAS.: 6.050,00 €<br>NOSOTROS LOS MAYORES: 1.040,00 €<br>ENTRE MAYORES: 18.000 €<br>GRUPO SENDA: 10.437,00 €<br>C.O. DE FISIOTERAPEUTAS DE GALICIA: 4.500 €<br>BAP CONDE: 423,50 € |

<table>
<tr><td rowspan="3">ACTUACIÓN 1.1.1.2 Realización de xornadas de portas abertas, con centros de ensinanza, ou cidadáns, que teñan lugar en centros sociocomunitarios, residenciais ou de día, de titularidade autonómica.<br><br>S. X. de Política Social<br>D. X. de Familia e Inclusión</td><td>Persoas/Entidades destinatarias</td><td><u>D. X. de Familia e Inclusión</u>: persoas usuarias dos centros sociocomunitarios.</td></tr>
<tr><td>Resultados segundo indicadores</td><td><u>D. X. de Familia e Inclusión:</u><br>N.º de xornadas de portas abertas realizadas: 85<br>N.º de persoas participantes por sexo:<br>• Mulleres: 1.973<br>• Homes: 1.147<br>• TOTAL: 7.657*<br>* Inclúe 4537 persoas con sexo descoñecido<br>Nota: Datos estimativos.</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td><td><u>D. X. de Familia e Inclusión:</u> 1.946 €<br>Nota: a maior parte do orzamento corresponde ás achegas das persoas usuarias.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 1.1.3 Promoción da participación das persoas maiores nos medios de comunicación.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

<table>
<tr><td rowspan="3">ACTUACIÓN 1.1.3.1. Establecemento de acordos con medios de comunicación para a difusión de actuacións, recursos ou servizos dirixidos ás persoas maiores e a promoción da súa participación nestes.<br><br>S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar<br>S. X. de Medios</td><td>Persoas/Entidades destinatarias</td><td rowspan="3"><u>S. X. T da Consellería de Traballo e Benestar:</u> sen datos<br><u>S. X. de Medios:</u> actuación non executada en 2014.</td></tr>
<tr><td>Resultados segundo indicadores</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td></tr>
</table>

| MEDIDA 1.1.4 Desenvolvemento de accións de recoñecemento social a persoas e entidades destacadas pola súa actividade a prol das persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.1.4.1 Establecemento dunha convocatoria anual de premios para o recoñecemento a persoas e entidades destacadas polas súa contribución ao benestar das persoas maiores en ámbitos como: atención, saúde, cultura, deporte, vivenda, voluntariado, novas tecnoloxías.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores |
| | Resultados segundo indicadores | A S. X. de Política Social informa de que non se realizou a convocatoria anual de premios e a correspondente gala de entrega. Na súa substitución, o Día do Maior celebrouse mediante un programa elaborado por ATEGAL (ruta, almorzo saudable, conferencia) no que participaron 60 persoas. |
| | Orzamento | 2.970 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.1.4.2. Celebración dunha gala de entrega de premios con motivo do Día Internacional das Persoas de Idade (1 de outubro).**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores |
| | Resultados segundo indicadores | A S. X. de Política Social informa de que non se realizou a convocatoria anual de premios e a correspondente gala de entrega. Na súa substitución, o Día do Maior celebrouse mediante un programa elaborado por ATEGAL (ruta, almorzo saudable, conferencia) no que participaron 60 persoas. |
| | Orzamento | 2.970 € |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 1:<br>PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO 1.3:<br>Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco |

| MEDIDA 1.3.1 Elaboración de protocolos de actuación ante situacións de perigo que poden ter prevalencia no colectivo das persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.1.1**<br>**Desenvolvemento de protocolos de actuación e soportes documentais de utilización en situacións de emerxencia social, desatención, maltrato, abuso, ingreso urxente e/ou traslado involuntario.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consellería de Sanidade*<br>*Fiscalía Superior de Galicia* | Persoas/Entidades destinatarias | **Consellería de Sanidade:**<br>Persoal médico, DUE, psicólogos/as e traballadores/as sociais do Servizo Galego de Saúde e persoal médico, DUE e psicólogos/as dos centros públicos da Consellería de Traballo e Benestar con relación directa na atención ás persoas maiores.<br>**S. X. de Política Social**:<br>Actuación non executada en 2014. |
| | Resultados segundo indicadores | **Consellería de Sanidade:**<br>**N.º de protocolos elaborados:** 1<br>**N.º de protocolos implantados realmente:** 1<br>**Descrición:**<br>Programación curso FEGAS "Aspectos éticos e legais específicos nos doentes de perfil sociosanitario"<br>Protocolo de traslado involuntario ACOUGO.<br>**S. X. de Política Social**:<br>Actuación non executada en 2014: A *Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade* elaborouse e publicouse en 2011. En 2012 publicouse a orde que fai o protocolo de obrigado cumprimento: Orde do 13 de xullo de 2012 pola que se aproba a Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 141 do 24 de xullo).<br>Pode consultarse na seguinte ligazón:<br>http://benestar.xunta.es/web/portal/guias?content=%2FBenestar %2FContidos %2FGuias %2Fdocumento_0011.html&category=Tipos_enumerados/Tipo_Documento/Guia/&activo2=sop10 |
| | Orzamento | **Consellería de Sanidade:**<br>Protocolo: executado con recursos propios.<br>Formación: 1.035 €<br>**S. X. de Política Social**:<br>Actuación non executada en 2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.1.2 Elaboración de protocolos de actuación para a integración de persoas maiores que cumprisen penas de privación de liberdade, incapacitadas xudicialmente ou incursas nun procedemento xudicial de modificación da capacidade sobre as que a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga) exerza algún cargo protector.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Funga*<br>*Fiscalía Superior de Galicia* | Persoas/Entidades destinatarias<br><br>Resultados segundo indicadores<br><br>Orzamento | **S. X. de Política Social**: actuación non executada en 2014 por imposibilidade temporal.<br><br>**FUNGA**: actuación non executada en 2014 por imposibilidade temporal. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.1.3 Difusión dos protocolos e soportes documentais elaborados e capacitación ás/aos profesionais para a súa aplicación.**<br><br>*S. X. de Política Social - Funga*<br>*Consellería de Sanidade*<br>*Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*<br>*Fiscalía Superior de Galicia* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X .de Política Social**<br>Traballadores/as sociais dos concellos.<br>**Consellería de Sanidade:**<br>1. Curso "Aspectos éticos e legais nos doentes de perfil sociosanitario": persoal médico, DUE, psicólogos/as e traballadoras/es sociais do Sergas; persoal médico, DUE e psicólogos/as de centros públicos da C. de Traballo e Benestar con relación directa na atención ás persoas maiores.<br>2. Proxecto de formación para persoal sanitario de residencias: persoal médico e DUE de centros públicos da C. de Traballo e Benestar con relación directa na atención ás persoas maiores |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social**:<br>Cursos de formación da aplicación Extranet Concellos para a xestión do Programa de Asignación de Recursos do Servizo de Axuda no Fogar<br>**N.º de profesionais informados/formados por sexo:**<br>• **Mulleres**: n.d.<br>• **Homes**: n.d.<br>• **TOTAL**: 630<br>**N.º de profesionais informados/formados por ámbito profesional:** Sen datos<br>**Consellería de Sanidade:**<br>**1. Curso "Aspectos éticos e legais nos doentes de perfil sociosanitario"**<br>N.º de profesionais informados/formados por sexo:<br>• Mulleres: 15<br>• Homes: 3<br>• TOTAL: 18<br>N.º de profesionais informados/formados por ámbito profesional:<br>• Médicos: sen datos<br>• Psicólogos: sen datos<br>• Traballadores sociais: sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| | | • DUE: sen datos<br>**2. Proxecto de formación para persoal sanitario de residencias**<br>O proxecto foi deseñado e difundido aos profesionais pero tivo que ser suspendido por non haber suficientes solicitudes. |
| | Orzamento | **S. X. de Política Social**: 21.654,16 €<br>**Consellería de Sanidade:** 4.035,00 €<br>1. Curso Aspectos Éticos e Legais nos Doentes de Perfil Sociosanitario: 1.035 €<br>2. Proxecto de formación para persoal sanitario de residencias: 3.000 € |

| MEDIDA 1.3.2 Establecemento e difusión dun servizo de atención telefónica para a información dos dereitos das persoas maiores, a recepción e a canalización de situacións de incumprimento detectadas polos cidadáns ou profesionais. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.2.1 Posta en funcionamento dun servizo complementario do Teléfono Social para lles dar cobertura ás demandas de información e asesoramento sobre os dereitos das persoas maiores, á orientación sobre situacións de incumprimento e á recepción e canalización de denuncias.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br><br>**Nota**: non é un servizo complementario nin de nova implantación, senón o servizo do Teléfono social integrado dentro do contrato do 012. | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores. |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de consultas atendidas por sexo:**<br>• **Mulleres:** 235<br>• **Homes:** 165<br>• **TOTAL:** 400<br>**N.º de denuncias recibidas por sexo:**<br>• **Mulleres:** 17<br>• **Homes:** 4<br>• **TOTAL:** 21<br>**N.º de situacións de maltrato confirmadas por sexo:**<br>• **Mulleres:** 5<br>• **Homes:** 0<br>• **TOTAL:** 5 |
| | Orzamento | 41.728,20 € |
| **ACTUACIÓN 1.3.2.2 Actualización permanente da información que se presta dende este servizo e formación continua dos seus profesionais.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. de Política Social:** técnicos que traballan no teléfono social |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social:**<br>**Nº de actividades de formación nas que participen profesionais do Teléfono Social:** 9<br>**N.º de profesionais participantes por sexo:**<br>• **Mulleres:** 7<br>• **Homes:** 0<br>• **TOTAL:** 7 |
| | Orzamento | **S.X. de Política Social:** integrado no contrato 012 |

| MEDIDA 1.3.3 Desenvolvemento de accións de información sobre aspectos derivados das situacións de incapacidade, ante medidas cautelares ou preventivas, tutela efectiva e atención persoal e patrimonial. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.3.1 Desenvolvemento dunha campaña de información sobre patrimonios protexidos, poderes preventivos, consentimentos aos tratamentos, dereitos e obrigas dos/das titores/as, gardadores/as de feito, procesos e recursos dirixidos tanto ás familias como ás/aos profesionais de atención primaria e dos centros asistenciais.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Funga* | Persoas/Entidades destinatarias | Profesionais do eido social, familiares e persoas socias das entidades organizadoras, familiares, titores/as e persoas coidadoras de persoas coa capacidade de obrar modificada xudicialmente, comunidade en xeral.<br>AGADEA (Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo alzhéimer de Galicia, A Estrada), Fundación Dorzán (Celanova). |
| | Resultados segundo indicadores | **Número e natureza das actuacións de información realizadas por parte da Funga:**<br>1. **Participación en xornadas formativas e charlas informativas**: 2<br>2. **Participación na impartición de cursos formativos**: sen datos<br>**Número de participantes nas xornadas e charlas informativas por sexo**:<br>• **Mulleres:** sen datos<br>• **Homes:** sen datos<br>• **TOTAL:** sen datos |
| | Orzamento | Sen custo engadido |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.3.2 Promoción da Funga como órgano de protección xurídica e social das persoas maiores incapacitadas legalmente en situación de desamparo baixo a tutela da Xunta de Galicia.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Funga* | Persoas/Entidades destinatarias | Profesionais do eido social, familiares e persoas socias das entidades organizadoras, familiares, titores/as e persoas coidadoras de persoas coa capacidade de obrar modificada xudicialmente e comunidade en xeral.<br>Residencia Geriatros Cangas, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG), Centro de Día de Begonte, AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de e outras Demencias de Galicia), AGADEA (Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo alzhéimer de Galicia). |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de persoas maiores incapacitadas legalmente en situación de desamparo tuteladas pola Funga por sexo:**<br>• **Mulleres:** 1.008<br>• **Homes:** 1.513<br>• **TOTAL:** 2.521<br><br>Inclúese a título informativo, os datos relativos ao número de cargos tutelares desempeñados pola FUNGA a data 31 de decembro de 2014 así como o incremento respecto ao 31 de decembro de 2013: (see table below) |
| | Orzamento | Sen custo engadido |

| | **31/12/2013** | **31/12/2014** | **Incremento** |
|---|---|---|---|
| **Tutelas** | 1.358 | 1.516 | 158 |
| **Curadorías** | 204 | 232 | 28 |
| **Defensas xudiciais** | 588 | 588 | 0 |
| **Administración bens** | 17 | 28 | 11 |
| **Pretutelas** | 155 | 157 | 2 |
| **Total** | **2.322** | **2.521** | **199** |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.3.3.3 Elaboración e difusión de material informativo con relación a procedementos concretos de tipo civil (incapacitación, tutela, medidas de autotutela, curadoría, defensa xudicial, sucesión, testamento, herdanza, documento de instrucións previas...).**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Funga* | Persoas/Entidades destinatarias | Non executada en 2014. Segundo información facilitada pola FUNGA, non se elaborou ningún material informativo que difundir. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA (DE NOVA INCORPORACIÓN) 1.3.4 Desenvolvemento de accións para a protección xurídica das persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 1.3.4.1 Divulgación e orientación sobre os dereitos básicos das persoas maiores.**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (ASOGAPEN)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores integradas nas agrupacións da distribución organizativa da Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (ASOGAPEN) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. |
| | Resultados segundo indicadores | Desenvolvemento de charlas-coloquio sobre os principios de Nacións Unidas, o testamento vital, a hipoteca inversa, os coidados paliativos, a dependencia, a accesibilidade, a tutela, a herdanza etc.<br><br>Os temas tratados nas charlas-coloquio alcanzaron tamén outros aspectos coma os malos tratos, a prevención para evitar a discapacidade, o deseño para todas as persoas, a protección contra o ruído, a degradación do medio ambiente etc.<br>**N.º de persoas maiores beneficiarias por sexo:**<br>• **Mulleres:** 580<br>• **Homes:** 551<br>• **TOTAL:** 1.131 |
| | Orzamento | 3.275 € |

## NÚCLEO DE ACCIÓN 1: PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS

### OBXECTIVO OPERATIVO 1.4: Reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores

| MEDIDA 1.4.1 Realización e difusión de estudos relacionados co xénero e coas persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.1.1 Desenvolvemento dun estudo sobre a prevalencia da violencia de xénero entre persoas maiores.**<br><br>*S. X. da Igualdade* | Persoas/Entidades destinatarias<br>Resultados segundo indicadores<br>Orzamento | Actuación non executada en 2014 pola non dispoñibilidade de orzamento. |

| MEDIDA 1.4.2 Promoción dos principios da igualdade de xénero e corresponsabilidade entre as persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.2.1 Desenvolvemento de accións de sensibilización para a promoción dos principios da igualdade de xénero que fagan fincapé na distribución equitativa das cargas de traballo do fogar entre mulleres e homes.**<br><br>*S. X. da Igualdade* | Persoas/Entidades destinatarias<br>Resultados segundo indicadores<br>Orzamento | Á parte das actividades que se puidesen desenvolver de forma directa nalgúns exercicios e das xerais, o tipo de actuacións previstas neste apartado realízanse polas asociacións de mulleres e polas entidades de iniciativa social para a súa implantación territorial e social e son promovidas e financiadas pola Secretaría Xeral da Igualdade a través das convocatorias de axuda dirixidas ao asociacionismo feminino (medida 1.4.3) e a entidades de iniciativa social (medida 1.4.5). Ademais, para os efectos de sensibilización e dinamización, estas actuacións contan coa participación institucional da Secretaria Xeral da Igualdade e coa presenza da súa titular ou de persoal técnico no desenvolvemento dalgúns dos programas subvencionados de cara a visibilizar este tipo de actividades na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| **ACTUACIÓN 1.4.2.2 Desenvolvemento de obradoiros para a adquisición de competencias na realización das tarefas do fogar.**<br><br>*S.X. da Igualdade* | Persoas/Entidades destinatarias<br>Resultados segundo indicadores<br>Orzamento | Á parte das actividades que se puidesen desenvolver de forma directa nalgúns exercicios e das xerais, o tipo de actuacións previstas neste apartado realízanse polas asociacións de mulleres e polas entidades de iniciativa social para a súa implantación territorial e social e son promovidas e financiadas pola Secretaría Xeral da Igualdade a través das convocatorias de axuda dirixidas ao asociacionismo feminino (medida 1.4.3) e a entidades de iniciativa social (medida 1.4.5). Ademais, para os efectos de sensibilización e dinamización, estas actuacións contan coa participación institucional da Secretaria Xeral da Igualdade e coa presenza da súa titular ou persoal técnico no desenvolvemento dalgúns dos programas subvencionados de cara a visibilizar este tipo de actividades na Comunidade Autónoma de Galicia. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.2.3 Desenvolvemento de obradoiros para a visibilización e a posta en valor do papel desempeñado polas mulleres maiores, especialmente no ámbito rural, na realización das tarefas de atención a persoas dependentes.**<br><br>*S. X. da Igualdade* | Persoas/Entidades destinatarias | Á parte das actividades que se puidesen desenvolver de forma directa nalgúns exercicios e das xerais, o tipo de actuacións previstas neste apartado realízanse polas asociacións de mulleres e polas entidades de iniciativa social para a súa implantación territorial e social e son promovidas e financiadas pola Secretaría Xeral da Igualdade a través das convocatorias de axuda dirixidas ao asociacionismo feminino (medida 1.4.3) e a entidades de iniciativa social (medida 1.4.5). Ademais, para os efectos de sensibilización e dinamización, estas actuacións contan coa participación institucional da Secretaría Xeral da Igualdade e coa presenza da súa titular ou dalgún técnico no desenvolvemento dalgúns dos programas subvencionados de cara a visibilizar este tipo de actividades na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.2.4 Desenvolvemento de obradoiros destinados á formación das persoas maiores no seu papel de persoas coidadoras dos seus netos e netas, co obxectivo de lles facilitar as ferramentas necesarias para a difusión de valores que fomenten a igualdade entre nenos e nenas e para evitar a transmisión de estereotipos sexistas.**<br><br>*S. X. da Igualdade* | Persoas/Entidades destinatarias | Á parte das actividades que se puidesen desenvolver de forma directa nalgúns exercicios e das xerais, o tipo de actuacións previstas neste apartado realízanse polas asociacións de mulleres e polas entidades de iniciativa social para a súa implantación territorial e social e son promovidas e financiadas pola Secretaría Xeral da Igualdade a través das convocatorias de axuda dirixidas ao asociacionismo feminino (medida 1.4.3) e a entidades de iniciativa social (medida 1.4.5). Ademais, para os efectos de sensibilización e dinamización, estas actuacións contan coa participación institucional da Secretaría Xeral da Igualdade e coa presenza da súa titular ou dalgún técnico no desenvolvemento dalgúns dos programas subvencionados de cara a visibilizar este tipo de actividades na Comunidade Autónoma de Galicia. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 1.4.3 Fomento da participación e empoderamento das mulleres maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.3.1 Medidas de apoio para fomentar o asociacionismo das mulleres.**<br><br>*S. X. da Igualdade* | Persoas/Entidades destinatarias | Asociacións de mulleres e Federacións constituídas por estas, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro. |
| | Resultados segundo indicadores | A actuación concretouse na liña de subvencións dirixidas ás asociacións de mulleres para a realización de programas enfocados a mellorar a súa calidade de vida: Resolución do 23 de xullo de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.<br>**Número total de axudas concedidas para fomentar o asociacionismo das mulleres:** 113<br>**N.º de mulleres maiores participantes:** 2.670 |
| | Orzamento | 200.000 € *(O orzamento da convocatoria non está exclusivamente destinado as actuacións do plan, pero non é posible desagregar os datos)* |

| MEDIDA 1.4.4 Promoción do acceso a pensións contributivas ás mulleres maiores que realicen actividades de marisqueo. | | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.4.1 Axudas para a cotización a mariscadoras que sexan maiores de 65 anos e que non teñan cotizados 15 anos de cara a promover o seu acceso a pensións contributivas.**<br><br>*Consellería do Medio Rural e do Mar* | Persoas/Entidades destinatarias | 1. Mariscadoras/es que no período comprendido entre o 1 de novembro e o 31 de decembro do ano 2012 tivesen o permiso de explotación para o marisqueo a pé en vigor ata o día inmediato anterior á data en que cumpran os 65 anos<br>2. Mariscadoras/es que no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2013 tivesen o permiso de explotación para o marisqueo a pé en vigor ata o día inmediato anterior á data en que cumpran os 65 anos e un mes.+<br>3. Mariscadoras/es que, unha vez cumpridos os 65 anos, teñan prorrogado o permiso de explotación, e que, ao finalizar o dito período de prórroga sen volver solicitar unha nova, cumpran os requisitos esixidos para a concesión destas axudas.<br>4. As persoas beneficiarias delas na última convocatoria que sigan cumprindo os requisitos necesarios para ser beneficiarias delas, así como aquelas ás que lles fose denegada a axuda na última convocatoria por non cumprir os requisitos necesarios e que si os cumpran na presente convocatoria. |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de mulleres maiores acollidas ás axudas**: 55<br>*RESOLUCIÓN do 2 de xuño de 2014 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de setembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as/os mariscadoras/es a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de alcanzar a pensión de xubilación e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. |
| | Orzamento | 175.144,52 € |

| MEDIDA 1.4.5 Apoio a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 1.4.5.1 Liña de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social para a realización de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e, entre elas, a mulleres maiores soas.**<br><br>*S. X. da Igualdade*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2012 que continuou en 2013 e en 2014* | Persoas/Entidades destinatarias | Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. |
| | Resultados segundo indicadores | Resolución do 23 de maio de 2014, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, cofinanciada polo FSE e polo FEDER.<br>**Número total de entidades de iniciativa social perceptoras da subvención:** 47<br>**Nº de mulleres maiores participantes:** 61 |
| | Orzamento | 543.451 €<br>***Nota:*** *o orzamento da convocatoria non está exclusivamente destinado as actuacións do plan, pero non é posible desagregar os datos.* |

## Resumo estatístico do núcleo de acción 1

### Gráfico 3: Nivel de execución dentro do núcleo de acción 1: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014




### Táboa 2: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 1

| PERSOAS BENEFICIARIAS POR PERFIL | N.º total de persoas beneficiarias | Distribución por sexo (%)* | |
|---|---|---|---|
| | | Mulleres | Homes |
| **Persoas maiores** | 6.864 | 67,5% | 32,5% |
| **Profesionais** | 655 | 88,0% | 12,0% |
| **Persoas coidadoras** | 0 | - | - |
| **Outros (poboación do ámbito das persoas maiores, familiares e resto da poboación)** | 7.657 | 63,2% | 36,8% |
| **TOTAIS** | **15.176** | **66,2%** | **33,8%** |

*Estimado segundo os datos dispoñibles nas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

### Gráfico 4: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 1




*Datos porcentuais estimados segundo datos dispoñibles nas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

# IV.2. NÚCLEO DE ACCIÓN 2: ENVELLECEMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

O Plan galego das persoas maiores 2010-2013 define, no seu núcleo 2, un conxunto de medidas destinadas a procurar o acceso ao benestar e á participación activa das persoas maiores, en termos de igualdade de oportunidades, na vida en sociedade, para favorecer a súa autonomía e para impulsar o seu proceso de integración social, ao minimizar os factores latentes nas situacións de discriminación, dependencia ou exclusión social.

Neste sentido, o plan aposta por un patrón de envellecemento activo, san e saudable, baseado nos principios do recoñecemento dos dereitos de independencia, participación, dignidade e realización dos propios desexos, e incide na prevención da dependencia. Con esta finalidade establécense como obxectivos xerais os seguintes:

1. **Contribuír á autonomía das persoas maiores mediante un modelo de actuación baseado nos principios do envellecemento activo e saudable.**
2. **Promover a participación activa das persoas maiores nos distintos ámbitos da sociedade, achegando os seus coñecementos e experiencias, en especial no ámbito socioeconómico e profesional.**

Para a consecución destes obxectivos xerais, o núcleo de acción 2 “Envellecemento activo e participación social” articúlase arredor dos seguintes obxectivos operativos:

**OBXECTIVO OPERATIVO 1: Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 2: Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 3: Potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado, incidindo nun principio de solidariedade interpersoal.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 4: Promover o acceso e a participación das persoas maiores en actividades culturais, de ocio e tempo libre.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 5: Potenciar a participación e valorizar as contribucións das persoas maiores ao desenvolvemento socioeconómico e profesional das traballadoras e dos traballadores de Galicia.**

Os organismos e as entidades implicados no alcance destes obxectivos, segundo se recolle no plan de acción[12], son:

- Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal).
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).
- Cámaras de comercio/Secot.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería do Medio Rural e do Mar.
- D. X. de Familia e Inclusión.
- D. X. de Xuventude e Voluntariado.
- Obras sociais, fundacións e asociacións de persoas maiores.
- Federación Territorial de Asociacións de Pensionistas e Xubilados (FETEGA-UDP).
- S. X. de Política Social.
- S. X. para o Deporte.
- S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de Servizos Sociais).
- UNED-Centro Asociado UNED-A Coruña.
- Universidades.
- Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
- Fundacións de entidades financeiras (La Caixa).

Como resultado do seguimento 2013 incorpóranse ao plan:

- A Axencia Turismo de Galicia.
- A Asociación Galega de Propiedade Balnearia (BALNEGAL).

E como resultado do seguimento 2014, deixa de participar BALNEGAL, e súmanse co envío de datos:

- A Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (ASOGAPEN)
- A Confederación Galega de Organizacións de Maiores (COGAMA)

Os cinco obxectivos operativos formulados tradúcense en 20 medidas para implantar a través da realización de 43 actuacións[13] no período de vixencia do plan das que a maior parte (18 medidas e 39 actuacións[14]) terían actividade programada para o ano 2014. Non obstante, ás

---

[12]Non se inclúe como organismo ao IGAPE (Consellería de Economía e Industria), pola resposta facilitada dende este organismo con motivo do seguimento 2011.

[13]Pasa de 36 a 43 debido á incorporación de sete novas actuacións no seguimento 2012 (a 2.1.3.2; 2.1.4.5; 2.1.4.6; 2.2.2.4; 2.4.2.2; 2.4.2.3 e 2.4.2.4), dunha no seguimento 2013 (2.1.4.7) e da fusión das actuacións 2.2.2.1 e 2.2.2.2 no seguimento 2014.

[14]Das 39 actuacións programadas para o ano 2014, 32 correspóndense coas incluídas no plan de acción orixinal (tendo en conta a fusión das actuacións 2.2.2.1 e 2.2.2.2), outra prolonga a súa actividade durante 2013 (a sinalada na nota anterior) aínda que inicialmente non se consideraba a súa continuidade e seis novas actuacións incorporadas durante o ano 2012 seguiron activas no seguinte exercicio e tamén 2014 (a 2.1.3.2; 2.1.4.6; 2.2.2.4; 2.4.2.2; 2.4.2.3 e 2.4.2.4).

previstas **hai que lles engadir unha nova medida e nove actuacións que se incorporan neste mesmo exercicio**, a cargo da S.X. de Política Social e de dúas entidades do eido da persoas maiores: Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (ASOGAPEN) e A Confederación Galega de Organizacións de Maiores (COGAMA)

A continuación, inclúense os resultados obtidos durante a anualidade 2014 para o que se tomaron como referencia os indicadores de realización e de resultados que recolle o plan para o seguimento.

<table>
<tr><th>NÚCLEO DE ACCIÓN 2:<br>ENVELLECEMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL</th></tr>
<tr><td>OBXECTIVO OPERATIVO 2.1:<br>Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="5">MEDIDA 2.1.1 Consolidación dos programas de promoción da autonomía e dinamización social.</td><td>2010</td></tr>
<tr><td>2011</td></tr>
<tr><td>2012</td></tr>
<tr><td>2013</td></tr>
<tr><td>2014</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="3">ACTUACIÓN 2.1.1.1 Difusión dos programas de promoción da autonomía e dinamización social a través da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar, dos servizos comunitarios dos concellos, dos servizos sociais de atención primaria e especializada de saúde e das asociacións de persoas maiores.<br><br>S. X. de Política Social<br>Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Consellería de Traballo e Benestar.</td><td>Persoas/Entidades destinatarias</td><td><u>S. X. de Política Social:</u><br>Persoas maiores e centros sociocomunitarios, concellos, centros de saúde e asociacións de persoas maiores.</td></tr>
<tr><td>Resultados segundo indicadores</td><td><u>S. X. de Política Social:</u><br>Difusión realizada: Si<br>- Benestar en balnearios<br>- Xuntos polo Nadal<br>- Teleasistencia domiciliaria<br>- Teleasistencia avanzada Miavizor<br>- Programa de localización "Acompáñote"<br>- Banco de boas prácticas<br>Tipo e medios de difusión: correos electrónicos da páxina web, MATIASS e reunións provinciais.</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td><td><u>S. X. de Política Social</u>:<br>0 € (non se fixo impresión en papel)</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="3">ACTUACIÓN 2.1.1.2 Mantemento e, de ser o caso, ampliación do número de programas e de participantes nestes.<br><br>S. X. de Política Social<br><br>Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Consellería de Traballo e Benestar.</td><td>Persoas/Entidades destinatarias</td><td><u>S. X. de Política Social:</u><br>Persoas maiores</td></tr>
<tr><td>Resultados segundo indicadores</td><td><u>S. X. de Política Social:</u><br>N.º de programas desenvolvidos: 3<br>N.º de persoas participantes por sexo:<br>BENESTAR EN BALNEARIOS:<br>• Mulleres: 342<br>• Homes: 204<br>• TOTAL: 546<br>XUNTOS POLO NADAL:<br>• Mulleres: 145<br>• Homes: 97<br>• TOTAL: 242<br>XUNTANZA DE CARBALLIÑO:<br>• Mulleres: Sen datos<br>• Homes: Sen datos<br>• TOTAL: 20.000<br>TOTAL:<br>• Mulleres: 487<br>• Homes: 301<br>• TOTAL: 20.788</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td><td><u>S. X. de Política Social</u>:<br>-Benestar en balnearios: 47.069.46 €<br>-Xuntos polo Nadal: 54.000 €<br>-Xuntanza de Carballiño: 44.925 €<br>- TOTAL: 145.994,46 €</td></tr>
</table>

| MEDIDA 2.1.2 Desenvolvemento de programas de promoción da saúde, prevención, detección e tratamento de patoloxías asociadas ao envellecemento. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.2.1 Desenvolvemento de programas de revisión e coidado dos pés e da saúde bucodental, especificamente destinados ás persoas maiores.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*D. X. de Familia e Inclusión* | Persoas/Entidades destinatarias | **D. X. de Familia e Inclusión**: Persoas maiores usuarias dos centros sociocomunitarios |
| | Resultados segundo indicadores | **D. X. de Familia e Inclusión**<br>**Podoloxía:**<br>**N.º total de actividades desenvolvidos en centros sociocomunitarios:** 33<br>**N.º de persoas atendidas:**<br>• **Mulleres:** 7.922<br>• **Homes:** 2.905<br>• **TOTAL:** 10.827<br>**Nota**: 975 persoas sen determinar sexo<br>**Bucodental:**<br>**N.º total de actividades desenvolvidos en centros sociocomunitarios:** 10<br>**N.º de persoas atendidas:**<br>• **Mulleres:** 194<br>• **Homes:** 73<br>• **TOTAL:** 267 |
| | Orzamento | **D. X. de Familia e Inclusión:** o prezo estipulado por sesión de podoloxía é de 10 € e págano exclusivamente as persoas usuarias. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.2.2 Mantemento e, de ser o caso, ampliación da liña de axudas individuais para a adquisición de próteses dentais e audífonos non previstos no sistema sanitario e outras axudas técnicas ou produtos de apoio.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014 por motivos orzamentarios. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| MEDIDA 2.1.3 Elaboración de instrumentos para a detección precoz e o tratamento de procesos dexenerativos en xeral. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.3.1**<br>**Desenvolvemento e difusión de ferramentas prácticas orientadas aos profesionais do ámbito sanitario para a detección e o tratamento de patoloxías asociadas ao envellecemento.**<br>**<u>Programa de envellecemento activo e saudable</u>**<br><br>*Consellería de Sanidade* | Persoas/Entidades destinatarias | 1. Persoal médico e DUE de centros públicos da C. de Traballo e Benestar con relación directa na atención ás persoas maiores.<br>2. Persoal médico, DUE e traballadores/as sociais do Servizo Galego de Saúde<br>3. Persoal médico, DUE e traballadores/as sociais do Servizo Galego de Saúde. Médicos e DUE da C Traballo e Benestar |
| | Resultados segundo indicadores | **Número e descrición de ferramentas prácticas elaboradas e difundidas:**<br>• Proxecto de formación para persoal sanitario de residencias (suspendido por falta de demanda)<br>• Curso Fegas: atención integral das patoloxías máis prevalentes na persoa maior (suspendido por falta de demanda)<br>• Curso Fegas: manexo dos trastornos da conduta asociados á demencia.<br>**Persoas beneficiarias da formación:**<br>• **Mulleres:** 23<br>• **Homes**: 1<br>• **TOTAL**: 24 |
| | Orzamento | 3.690 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.3.2**<br>**Desenvolvemento do Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia.**<br><br>*Consellería de Sanidade*<br><br>***Nota**: realízase unha modificación no enunciado da actuación, ao substituír "Posta en marcha" por "Desenvolvemento".* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores con perfil sociosanitario |
| | Resultados segundo indicadores | O procedemento de acceso a recursos sociosanitarios para persoas maiores depende das EOXI de cada área asistencial, tendo cada unha delas as súas propias necesidades e dispositivos aos que derivan.<br>Actualmente dispóñense de dous concertos co hospital Santa María, de Pontevedra e Clínica El Pinar, de Vigo; e unha autorización de uso co sanitario La Robleda, O Pino. O acceso a estes recursos son regulados dende cada EOXI.<br><br>**Números de persoas maiores enfermas con risco de empeoramento do seu estado de saúde e con dependencia funcional beneficiarias por sexo**:<br>• **Mulleres:** Sen datos<br>• **Homes**: Sen datos<br>• **TOTAL**: Sen datos |
| | Orzamento | Fondos propios da Subdirección Xeral de Programación e Planificación Asistencial |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.3.3 Elaboración dun índice persoal de envellecemento activo adaptado ao contexto galego.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Xunta de Galicia |
| | Resultados segundo indicadores | **Elaboración do índice persoal de envellecemento activo adaptado ao contexto galego:** Si |
| | Orzamento | 12.100 € |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 2.1.4 Desenvolvemento de programas para o mantemento das facultades físicas e psíquicas das persoas maiores, así como doutros programas de promoción de hábitos de vida saudables e abandono de hábitos nocivos e perniciosos.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.4.1 Incorporación, mantemento e/ou ampliación, segundo o caso, dentro da programación dos centros sociocomunitarios de Benestar e dos centros de saúde, de obradoiros para o mantemento das facultades físicas e psíquicas das persoas maiores e a prevención de situacións de dependencia.**<br><br>*D. X. de Familia e Inclusión*<br>*Consellería de Sanidade*<br>*Obra social de Caja Madrid e Fundación La Caixa* | Persoas/Entidades destinatarias | **D. X. de Familia e Inclusión:** persoas maiores usuarias dos centros sociocomunitarios.<br>**Consellería de Sanidade**: persoas maiores da área de influencia. |
| | Resultados segundo indicadores | **D. X. de Familia e Inclusión:**<br>**N.º de programas desenvolvidos:** 314<br>**Número de persoas maiores participantes nas actividades programadas por sexo:**<br>• **Mulleres:** 9.079<br>• **Homes:** 2.166<br>• **TOTAL:** 11.673*<br>**No total hai 428 persoas sen determinar o sexo.*<br>***Nota**: estas actividades tamén se contabilizan na medida 2.4.2, actuación 1, apartado de "nº de actividades físicas e mentais" polo que non se teñen en conta a efectos estatísticos.*<br>**Consellería de Sanidade-Sergas:**<br><br>**N.º de programas desenvolvidos:** 1 (7.ª Edición Talleres Envellecemento Activo e Saudable no Centro de Saúde de Vite de Santiago de Compostela).<br>**Número de persoas maiores participantes nas actividades programadas por sexo:**<br>• **Mulleres:** sen datos<br>• **Homes:** sen datos<br>• **TOTAL:** sen datos |
| | Orzamento | **D. X. de Familia e Inclusión:** 486.327 €.<br>A maior parte do orzamento corresponde ás achegas das persoas usuarias. Colaboran entidades como a Fundación La Caixa, Deputación, Escola Galega de Saúde para os cidadáns, asociacións e persoas voluntarias.<br>**Consellería de Sanidade:** sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.4.3 Posta en marcha de programas de abandono do alcohol e do tabaquismo.**<br><br>*Consellería de Sanidade* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas usuarias das seguintes entidades sen ánimo de lucro:<br>- Axuda Integral Santiaguesa do Alcohólico "AISA".<br>- Ex-alcohólicos de Ferrolterra.<br>- Monfortina de Alcohólicos Rehabilitados "AMAR".<br>- As Burgas para o tratamento do enfermo alcohólico.<br>- Ex-alcohólicos Luís Miguel Morás. A Coruña.<br>- "Cadabullo". Ourense.<br>- Viguesa de Alcoholoxía "ASVIDAL".<br>- Asoc. Ex-alcohólicos "ADIANTE". As Pontes (A Coruña).<br>- Asoc. de Rehabilitación de Alcohólicos de A Mariña "ARAMA". Viveiro (Lugo).<br>- Asoc. Voluntariado de Alcohólicos Rehabilitados de Moaña "ARMO". Moaña (Pontevedra).<br>- Asoc. Voluntariado de Alcohólicos Rehabilitados del Baixo Miño "Da ese paso". Tui.<br>- Asoc. de Alcohólicos Rehabilitados de Chantada "ARCHA". Chantada (Lugo).<br>- Asoc. Alcohólicos AXUDATE. Vilalba. |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de programas desenvolvidos:** 13<br>**Número de persoas maiores participantes nas actividades programadas por sexo:**<br>• **Mulleres**: 172<br>• **Homes**: 404<br>• **TOTAL**: 576<br>Os programas desenvólvense ao abeiro da Orde de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario". Dentro dela establécense dúas liñas de actuación: a liña A está orientada a desenvolver programas de rehabilitación de persoas con problemática asociada ao alcoholismo. |
| | Orzamento | 99.145€ |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.4.4 Difusión das actividades da Escola Galega de Saúde para Cidadáns especificamente dirixidas ás persoas maiores e aos seus coidadores e ás súas coidadoras.**<br><br>*Consellería de Sanidade* | Persoas/Entidades destinatarias | Cidadanía en xeral e persoas coidadoras, en particular |
| | Resultados segundo indicadores | Iniciativa n.º 15 do Plan marco de atención sociosanitaria 2013 durante o ano 2014<br>**Número de actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns dirixidas a persoas maiores:** 78 talleres<br>**N.º de persoas maiores participantes**:<br>• **Mulleres:** 1.201<br>• **Homes:** 164<br>• **TOTAL**: 1.365<br>**Número de actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns dirixidas a persoas coidadoras:** sen datos<br>**N.º de persoas coidadoras participantes**:<br>• **Mulleres:** sen datos<br>• **Homes:** sen datos<br>**TOTAL**: sen datos |
| | Orzamento | Fondos propios |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.4.5 Fomento e difusión dos hábitos de vida saudables.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consellería de Sanidade*<br><br>***Nota:** actuación de nova incorporación en 2012, por parte da Consellería de Sanidade que continuou en 2013. Mantense en 2014 pola realización dunha nova actuación por parte da S.X. de Política Social.* | Persoas/Entidades destinatarias | Público en xeral |
| | Resultados segundo indicadores | **Actos públicos desenvolvidos ou con participación:**<br>Ciclo de charlas/conversas sobre envellecemento activo (2014-2015): 1 charla realizada no 2014<br>**Número de participantes nos actos por sexo:**<br>• **Mulleres:** n.d.<br>• **Homes**: n.d<br>• **TOTAL**: 65 |
| | Orzamento | 5.800 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.4.6 Desenvolvemento de actividades no marco do Plan Galicia saudable.**<br><br>*S. X. para o Deporte*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2012 que continuou en 2013 e en 2014* | Persoas/Entidades destinatarias | Toda a poboación.<br>Entidades adheridas. |
| | Resultados segundo indicadores | **Actividades con programación propia de cada entidade adherida:**<br>**Organismos adheridos:**<br>• **Concellos:** 285 (84 A Coruña, 66 Lugo, 81 Ourense, 66 Pontevedra).<br>• **Entidades:** 214 (Clubs, asociacións, empresas, medios, centros educativos, universidades, federacións deportivas etc.)<br>**Outras actividades das que se benefician principalmente persoas maiores no marco do Plan Galicia Saudable:**<br><br>**1) APLICACIÓN EN LIÑA**: no ano 2014 desenvolveuse unha aplicación en liña para que as entidades adheridas xestionen as súas actividades relacionadas coa actividade física para a saúde. Arredor de 1.300 entidades déronse de alta nesta plataforma, e en 2015 traballarase con elas para que vaian subindo os seus eventos, actividades, plans e programas que teñan cabida en Galicia Saudable. No momento en que se facilitan os datos de 2014 non se dispón de datos das actividades realizadas no ano 2014.<br><br>**2) EURORREXIÓN ACTIVA (Vida Saudable nos concellos da Raia)**: actuación levada a cabo con orzamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, a través de programas comunitarios, onde o Plan Galicia Saudable traballou como coordinador do proxecto e asesor das programacións e actuacións realizadas.<br>**Actividades realizadas**: 24 (Master class de ioga, tai-chi, fitnnes nos parques saudables, andainas saudables, saídas en bicicleta, clases de cociña saudable, clases de zumba, aerobic e body-fitness)<br>Realización dun calendario común de actividades dende maio ata agosto de todos os concellos e cámaras participantes.<br>**N.º participantes:**<br>• **Mulleres:** sen datos<br>• **Homes:** sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| | | • **TOTAL:** 840 participantes, 12 monitores<br>**Concellos implicados:**<br>32 concellos invitados, 27 finalmente participantes. Concellos da Raia (Galicia-Norte de Portugal): A Garda, O Rosal, Tomiño, Lobeira, Entrimo, Muíños, Lobios, Tui, Salvaterra, Vilardevós, Riós, A Gudiña, Arbo, Crecente, Quintela de Leirado, Verea, Baltar, Cualedro, Verín; Caminha, Vilanova de Cerveira, Valença, Monção, Melgaço, Montalegre, Chaves. |
| | Orzamento | Sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.4.7 Promoción do turismo sénior en Galicia**<br><br>*Axencia de Turismo de Galicia*<br>***Nota**: actuación de nova incorporación en 2013, no marco dun convenio* entre a *Axencia Galega de Turismo e a Asociación Galega de Propiedade Balnearia. Aínda que o convenio non se renovou no ano 2014 mantense a actuación ante a realización de novas actividades* | Persoas/Entidades destinatarias | Homes de máis de 55 anos e mulleres de máis de 50 anos. Campo de golf Balneario de Augas Santas, Pantón |
| | Resultados segundo indicadores | **IV CIRCUÍTO DE GOLF SÉNIOR TURISMO DE GALICIA 2014**<br>**Nº de establecementos termais implicados**: 1 (Augas Santas, Pantón)<br>**Nº accións desenvolvidas:** 1 (Torneo, proba)<br>**Nº participantes:** 483 |
| | Orzamento | Sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.4.8 Actividades deportivas para mantemento da plena actividade física e mental das persoas maiores**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores integradas nas agrupacións da distribución organizativa da Asociación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. |
| | Resultados segundo indicadores | Desenvolvéronse competicións de salón nas modalidades de xadrez, billar, brisca, damas, dominó, escoba, parchís e tute. **N.º de persoas maiores beneficiarias por sexo:**<br>• **Mulleres:** 1.352<br>• **Homes:** 1.423<br>• **TOTAL:** 2.775 |
| | Orzamento | 7.459 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.4.9 Mantemento e mellora da axilidade mental**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores integradas nas agrupacións da distribución organizativa da Asociación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. |
| | Resultados segundo indicadores | Orientación teórica e aplicación práctica de estratexias conducentes ao mantemento e mellora das aptitudes cognitivas das persoas maiores.<br>Desenvolvéronse charlas e conferencias nas que se divulgaron contidos e aplicáronse estratexias e técnicas adecuadas ao fin proposto.<br><br>**N.º de persoas maiores beneficiarias por sexo:**<br>• **Mulleres:** 601<br>• **Homes:** 632<br>• **TOTAL:** 1.233 |
| | Orzamento | 3.278 € |

<table>
<tr><td rowspan="3">ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.4.10 Actividades de encontro entre persoas maiores para un uso positivo e saudable do tempo libre<br><br>Confederación Gallega de Organizaciones de Mayores (Cogama)<br><br>Actuación de nova incorporación en 2014.</td><td>Persoas/Entidades destinatarias</td><td>Persoas maiores asociadas ás organizacións integradas na confederación.</td></tr>
<tr><td>Resultados segundo indicadores</td><td>Gozo positivo do tempo libre mediante diversos actos de convivencia e confraternización.<br>A práctica do baile nas súas diversas modalidades constituíu un notable aliciente para as persoas maiores.<br>O baile como exercicio físico e mental constituíu unha boa terapia contra o estrés e a depresión.<br>Hai que resaltar os beneficiosos efectos destes actos nos cales se fomenta a comunicación entre as persoas participantes e a realización de prácticas de baile que lles manteñen en excelente condición física e mental, á parte de constituír unha excelente terapia pola actitude preventiva contra a enfermidade e a minusvalía ou a dependencia. É por todo iso que leva a considerala unha actividade moi positiva para a inclusión social das persoas maiores.<br>N.º de persoas maiores beneficiarias por sexo:<br>• Mulleres: 1.587<br>• Homes: 1.230<br>• TOTAL: 2.817</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td><td>8.470 €</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="4">MEDIDA 2.1.5 Promoción da participación das persoas maiores en actividades de alfabetización e educación permanente.</td><td>2010</td></tr>
<tr><td>2011</td></tr>
<tr><td>2012</td></tr>
<tr><td>2013</td></tr>
<tr><td></td><td>2014</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td rowspan="3">ACTUACIÓN 2.1.5.1 Promoción da oferta formativa da Rede de centros de educación permanente de adultos de cara a fomentar a participación das persoas maiores nas actividades organizadas por esta.<br><br>Consellería de Educación e Ordenación Universitaria</td><td>Persoas/Entidades destinatarias</td><td rowspan="3">Actuación non executada en 2014</td></tr>
<tr><td>Resultados segundo indicadores</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td></tr>
</table>

| MEDIDA 2.1.6 Promoción do acceso das persoas maiores ás novas tecnoloxías. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.6.1 Creación e mantemento, nos centros de titularidade pública autonómica ou local, dos que sexan usuarios ou usuarias as persoas maiores, de espazos abertos con acceso gratuíto a internet.**<br><br>*D. X. de Familia e Inclusión*<br>*Fundacións de entidades financeiras (La Caixa)* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores usuarias dos centros sociocomunitarios. |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de centros que contan con este tipo de espazos:** 40 |
| | Orzamento | Sen custos engadidos. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.6.2 Proporcionar formación para o uso das novas tecnoloxías.**<br><br>*D. X. de Familia e Inclusión*<br>*Fundacións de entidades financeiras (La Caixa)* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores usuarias dos centros sociocomunitarios. |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de cursos impartidos:** 221<br>**N.º de persoas maiores participantes nos cursos por sexo:**<br>• **Mulleres:** 2.883<br>• **Homes:** 2.061<br>• **TOTAL:** 5.456<br>*Incluídas 512 persoas sen determinar sexo.<br>***Nota***: son datos estimativos.*<br>Contouse coa participación da Asociación de Voluntarios de Informática de Galicia (ASVIGAL), que naceu ao abeiro dos convenios de colaboración subscritos entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación "La Caixa" para o desenvolvemento de programas de persoas maiores nos centros sociocomunitarios.<br>A Fundación "La Caixa" forma en novas tecnoloxías a persoas maiores co obxecto de que impartan logo, de xeito voluntario, clases de iniciación á informática a outras persoas usuarias dos centros sociocomunitarios. En concreto no centro de Vilalba hai persoas voluntarias, membros desta asociación, que se desprazan ao centro penal de Teixeiro a impartir clases de informática. |
| | Orzamento | *50.345 € (A maior parte do orzamento corresponde ás achegas das propias persoas usuarias. Tamén colaboran entidades, como é a Fundación La Caixa, algunha asociación e persoas voluntarias.)* |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.6.3 Desenvolvemento de actividades de alfabetización dixital a través da Rede CeMIT.**<br><br>*Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – Amtega* | Persoas/Entidades destinatarias | Cidadanía en xeral. |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de actividades de alfabetización dixital desenvolvidas:** 2.920<br>**N.º de persoas participantes por sexo**:<br>• **Mulleres**: 24.569<br>• **Homes**: 18.394<br>• **TOTAL**: 42.963<br>**N.º de persoas maiores de 65 anos participantes por sexo**:<br>• **Mulleres**: 2.172<br>• **Homes**: 1.889<br>• **TOTAL**: 4.061 |
| | Orzamento | **Total**: 1.679.734 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.6.4 Promoción da aplicación dos estándares e criterios de accesibilidade nas páxinas web da Administración pública galega.**<br><br>*Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – Amtega* | Persoas/Entidades destinatarias | Cidadanía en xeral. |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de webs institucionais que compren os estándares de accesibilidade:** 111 |
| | Orzamento | Os custos derivados desta actuación intégranse de xeito indiferenciado cos do resto de actuacións de mantemento das páxinas web. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.6.5 Elaboración dun estudo sobre as TIC aplicadas ao envellecemento activo.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Xunta de Galicia |
| | Resultados segundo indicadores | **Elaboración dun estudo sobre as TIC aplicadas ao envellecemento activo:** Si |
| | Orzamento | 21.000 € |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 2.1.7 Desenvolvemento de actuacións en materia de seguridade viaria e de prevención de accidentes no fogar dirixidas ás persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.7.1 Desenvolvemento na Rede de centros sociocomunitarios de benestar de actuacións en materia de seguridade viaria e de prevención de accidentes no fogar para dar a coñecer a importancia das principais medidas para a prevención dos accidentes.**<br><br>*D. X. de Familia e Inclusión* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores usuarias dos centros sociocomunitarios. |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de actuacións de seguridade viaria e de prevención de accidentes no fogar realizadas:** 22 *<br>**N.º de persoas maiores participantes por sexo:**<br>• **Mulleres:** 443<br>• **Homes:** 306<br>• **TOTAL:** 761<br>* Actividades impartidas pola DXT, Policía local, Cruz Vermella e outras entidades. |
| | Orzamento | Sen custo engadido. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.1.7.2 Construción de beirarrúas e de sendas peonís para fomentar a práctica do exercicio suave entre as persoas maiores, en condicións adecuadas de comodidade e de seguridade viaria, de xeito que se eviten os atropelos.**<br><br>*Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas* | Persoas/Entidades destinatarias | Peóns |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de núcleos de poboación nos que se executaron novas beirarrúas:** 4<br>**N.º de núcleos de poboación nos que se executaron sendas peonís:** 6<br>**Lonxitude total das beirarrúas e sendas peonís executadas durante 2014:** 6.707 m |
| | Orzamento | 5.311.571 € |

**NÚCLEO DE ACCIÓN 2:**
**ENVELLECEMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL**

**OBXECTIVO OPERATIVO 2.2:**
**Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións**

| **MEDIDA 2.2.1 Difusión do tecido asociativo dedicado ás persoas maiores en Galicia través do Rexistro Único de Entidades Promotoras de Servizos Sociais (RUEPSS).** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.2.1.1 Actualización permanente do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais na área de persoas maiores.**<br><br>*S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar (Inspección de Servizos Sociais)* | Persoas/Entidades destinatarias | Entidades prestadoras de servizos sociais. |
| | Resultados segundo indicadores | **Variación anual do número de asociacións rexistradas na área de persoas maiores:**<br>• **N.º total de asociacións rexistradas en 2013:** 167<br>• **N.º total de asociacións rexistradas en 2014:** 177<br>• **Variación anual:** +10 (+6 %) |
| | Orzamento | Executada con medios propios. |

| **MEDIDA 2.2.2 Dinamización do movemento asociativo das persoas maiores e implicación na realización de actividades encamiñadas á promoción da autonomía persoal.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.2.2.1 Mantemento e, de ser o caso, ampliación da liña de axudas destinadas ao mantemento, funcionamento e desenvolvemento de actividades por parte das asociacións de persoas maiores de Galicia.**<br>**ACTUACIÓN 2.2.2.2 Promoción da sinatura de convenios de colaboración con organizacións de persoas maiores, coa finalidade de contribuír ao seu mantemento, asesoramento, formación e apoio técnico e para favorecer a realización da súa actividade.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br><br>*Nota: únense ambas as actuacións xa que as liñas de subvención substituíronse polos convenios que financian tanto o mantemento das asociacións como os programas de actividades. Convértense, polo tanto, para todos os efectos, nunha única actuación* | Persoas/Entidades destinatarias | Asociacións de persoas maiores |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de convenios asinados con organizacións de persoas maiores:** 7<br>**Nome das organizacións de persoas maiores coas que se asinaron convenios en 2014 :**<br>- Afaga, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras Demencias.<br>- Fagal, Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer.<br>- Ategal: Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos.<br>- Fetega: Federación Territorial de Asociacións Provinciais de Pensionistas e Xubilados de Galicia<br>- Cogama: Confederación Galega de Organizacións de Maiores.<br>- Asogapen: Asociación Galega de Persoas Maiores, Xubiladas e Pensionistas.<br>- UDP Lugo, Unión Democrática de Pensionistas de Lugo |
| | Orzamento | **TOTAL**: 172.838 €<br>- Afaga: 25.000€<br>- Fagal: 22.838 €<br>- Ategal: 60.000 €<br>- Fetega: 28.000 €<br>- Cogama: 18.000 €<br>- Asogapen: 14.000 €<br>- UDP Lugo: 5.000 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.2.2.3 Promoción de acordos de colaboración entre o sector privado (obras sociais...) e entidades de persoas maiores para a realización de actividades conxuntas.**<br><br>*D. X. de Familia e Inclusión* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores usuarias dos centros sociocomunitarios |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de acordos de colaboración asinados:** 1<br>**Nome das entidades do sector privado implicadas**:<br>Fundación "La Caixa”.<br>**Nome dos acordos de colaboración:**<br>Convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación "La Caixa” para o desenvolvemento dos proxectos do programa de persoas maiores, 2014-2015. **Nome das entidades de persoas maiores implicadas**:<br>Desenvólvense nos 23 centros sociocomunitarios de benestar incluídos no convenio: A Coruña, Ferrol, Santiago, A Pobra, As Pontes, Carballo, Sta. Comba, Lugo, Vilalba, Mondoñedo, Ourense, Maceda, Pontepelamios (Ourense), Ribadavia, Verín, Xinzo de Limia, Pontevedra, Vigo, Marín, Redondela, Bouzas-Vigo, Coia-Vigo, Calvario-Vigo<br>**N.º de persoas maiores beneficiarias** : 27.205 (O n.º de participantes foi de 27.205 dos cales 6.011 corresponden con actividades dinamizadas por profesionais e 21.194 con actividades dinamizadas por voluntarios) |
| | Orzamento | Sen custo engadido. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 2.2.2.4 Convenio anual coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares e Enfermos de Alzhéimer (Fagal) para o desenvolvemento de actividades de información e apoio.**<br><br>*Consellería de Sanidade*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2012 que continuou en 2013 e 2014* | Persoas/Entidades destinatarias | Familiares e/ou coidadores/as de persoas con enfermidade de alzhéimer e profesionais |
| | Resultados segundo indicadores | Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer (Fagal) para o desenvolvemento dunha serie de actividades de información e apoio a familiares e persoas coidadoras (2014)<br>**Relación de actividades de información e apoio e número de asistentes por tipoloxía e sexo:**<br>• 2 cursos formativos dirixidos a profesionais:<br>- Mulleres: n. d.<br>- Homes: n. d.<br>- Total: 44<br>• 25 cursos formativos dirixidos a familiares e/ou persoas coidadoras.<br>- Mulleres: n. d.<br>- Homes: n. d.<br>- Total: 554<br>• Xornadas Interdisciplinares de Fagal (dirixidas a profesionais implicados e directivos/as das asociacións)<br>- Mulleres: n. d.<br>- Homes: n. d.<br>- Total: 175 |
| | Orzamento | 65.408 €. |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.2.2.5 Fomento da creación de novas asociación desde as organizacións xa existentes**<br><br>*Confederacion Gallega de Organizaciones de Mayores (COGAMA)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores non asociadas ás organizacións integradas na Confederacion Gallega de Organizaciones de Mayores (Cogama). |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de centros nos que se desenvolven programas de respiro familiar:** 75<br>**N.º de persoas usuarias dos servizos de respiro familiar por sexo**:<br>• **Mulleres**: 543<br>• **Homes**: 201<br>• **Total**: 744<br>***Nota:*** *inclúense datos do programa de respiro familiar para persoas en situación de dependencia e do programa de estancias temporais (66 centros privados en respiro familiar e 9 residencias públicas en estancias temporais)* |
| | Orzamento | 135.729,60 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.1.6.2 Deseño e desenvolvemento doutros programas de apoio.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores |
| | Resultados segundo indicadores | Programas que teñen como finalidade a permanencia da persoa maior no fogar mediante o apoio ás persoas coidadoras con axudas económicas:<br>**Programa de cheque asistencial:**<br>• **Mulleres**: n. d.<br>• **Homes**: n. d.<br>• **Total**: 51<br>**Programa de acollemento familiar:**<br>• **Mulleres**: 83<br>• **Homes**: 60<br>• **Total**: 143<br>**TOTAL:**<br>**N.º doutros programas ou servizos de apoio desenvolvidos:** 2<br>**N.º de persoas usuarias doutros servizos ou programas de apoio por sexo**:<br>• **Mulleres**: 83<br>• **Homes**: 60<br>• **Total**: 194 |
| | Orzamento | 755.461,02 € |

| MEDIDA 3.1.7 Mellora das condicións de habitabilidade e promoción da adaptación do fogar para adecualo a persoas en situacións de dependencia. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.1.7.1 Mantemento e, se é o caso, ampliación da liña de axudas individuais destinadas á adaptación funcional do fogar e á supresión de barreiras arquitectónicas e de comunicación no interior da vivenda.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014 debido a que non se levou a cabo a convocatoria da orde de axudas |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| MEDIDA 3.1.8 Promoción da accesibilidade nos espazos e da mobilidade das persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.1.8.1 Desenvolvemento de accións que garantan a accesibilidade a espazos, edificios e vivendas mediante o mantemento de programas de rehabilitación de edificios e vivendas, superación de situacións de infravivenda e urbanización e reurbanización de espazos públicos desenvolvidos polo IGVS.**<br><br>*IGVS* | Persoas/Entidades destinatarias | Acción non executada en 2014. As actuacións previstas estaban vinculadas a un programa de axudas do que non se realizou ningunha convocatoria no ano 2014 |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |
| **ACTUACIÓN 3.1.8.2 Mantemento da liña de axudas para o financiamento de investimentos que comprendan a accesibilidade e supresión de barreiras dentro da orde de subvencións ás corporacións locais destinadas ao cofinanciamento para a prestación de servizos sociais.**<br><br>*D. X. de Familia e Inclusión*<br>*S. X. de Política Social (engadiuse con motivo do seguimento 2013, por financiamento de obras relacionadas con esta actuación por parte deste departamento)* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014 por falta de financiamento. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.1.8.3**<br>**Desenvolvemento de accións que garantan a mobilidade das persoas maiores que se atopen en situación de dependencia, a través do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas con discapacidade ou en situación dependencia |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de vehículos adscritos ao servizo de transporte adaptado (065):** 71<br>**N.º de persoas maiores que teñen recoñecida a súa condición de usuarias do servizo:**<br>• **Mulleres:** 3.306*<br>• **Homes:** 2.204*<br>• **Total:** 5.510<br>**N.º total de desprazamentos realizados para persoas maiores**: 3.456*<br>** Datos estimados* |
| | Orzamento | 3.777.720,30 € |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 3.1.9 Creación de novos servizos de atención no fogar e divulgación dos recursos existentes para a promoción da permanencia das persoas maiores neste.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.1.9.1**<br>**Desenvolvemento de proxectos piloto para a implantación de novos servizos.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014 |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.1.9.2**<br>**Desenvolvemento da carteira de servizos para a promoción da permanencia das persoas maiores no seu fogar ou contorno habitual.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

**NÚCLEO DE ACCIÓN 3:**
**PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE**

**OBXECTIVO OPERATIVO 3.2:**
**Potenciar o desenvolvemento de recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, particularmente daquelas persoas que presentan algún tipo de limitación no seu grao de autonomía persoal**

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 3.2.2 Mantemento e ampliación, de ser o caso, dos servizos de atención diúrna para as persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.2.2.1 Incremento, de ser o caso, da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención ás persoas maiores en centros de día.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Traballo e Benestar)* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas valoradas con dependencia |
| | Resultados segundo indicadores | **Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención ás persoas maiores en centros de día:**<br>• **N.º de prazas en 2013:** 1.978<br>• **N.º de prazas en 2014:** 1.658<br>• **Variación prazas 2014/13:** -320 (-16%)<br>**Variación anual do número de persoas maiores usuarias por sexo:**<br>• **Mulleres:**<br>- N.º de mulleres en 2013: 1.303<br>- N.º de mulleres en 2014: 983<br>- Variación mulleres 2014/13: -320 (-25%)<br>• **Homes:**<br>- N.º de homes en 2013: 568<br>- N.º de homes en 2014: 460<br>- Variación homes 2014/13: -108 (-19%)<br>• **Total:**<br>- N.º de persoas usuarias en 2013: 1.871<br>- N.º de persoas usuarias en 2014: 1.443<br>- Variación total 2014/13: -428 (-23%) |
| | Orzamento | Sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.2.2.2 Valoración da creación de servizos de atención diúrna en centros residenciais.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Traballo e Benestar)* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| MEDIDA 3.2.3 Potenciación dos servizos en centros de atención diúrna para persoas con alzhéimer ou outras demencias neurodexenerativas. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.2.3.1 Mantemento e, de ser o caso, incremento da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos destinadas á atención diúrna das persoas con alzhéimer ou outras demencias neurodexenerativas.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Entidades implicadas na atención ao colectivo de persoas afectadas polo alzhéimer ou outras demencias neurodexenerativas* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.<br>As entidades que contan coa autorización administrativa para xestionar o servizo de centro de día para persoas con alzhéimer. |
| | Resultados segundo indicadores | **Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos**:<br>• **N.º total de prazas en 2013**: 412<br>• **N.º total de prazas en 2014**: 412<br>• **Variación do n.º de prazas 2014/13**: 0 (0 %) |
| | Orzamento | 2.872.721 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.2.3.2 Carteira de servizos específicos para persoas dependentes con alzhéimer.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Entidades implicadas na atención ás persoas afectadas polo alzhéimer ou outras demencias neurodexenerativas*<br><br>***Nota**: actuación con cambio de denominación (antes: "Desenvolvemento da carteira de servizos especificamente orientados a estas persoas.")* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.<br>As entidades que contan coa autorización administrativa para xestionar o servizo de centro de día para persoas con alzhéimer. |
| | Resultados segundo indicadores | Decreto que regula a carteira de servizos orientada a persoas con alzhéimer ou outras demencias neurodexenerativas (Decreto 149/2013, do 5 de setembro). |
| | Orzamento | Non dispoñible |

| MEDIDA 3.2.4 Ampliación dos servizos de estancia e atención ás persoas maiores en aloxamentos alternativos ao domicilio. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.2.4.1 Incremento, de ser o caso, da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos de atención a persoas maiores dispoñibles en vivendas comunitarias.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Traballo e Benestar)* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas valoradas con dependencia |
| | Resultados segundo indicadores | **Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención a persoas maiores en vivendas comunitarias:**<br>• **N.º de prazas en 2013**: 96<br>• **N.º de prazas en 2014**: 96<br>• **Variación anual**: 0<br>**Variación anual do número de persoas usuarias por sexo**:<br>• **Homes:**<br>- N.º de homes en 2013: 50<br>- N.º de homes en 2014: 43<br>- Variación homes: -7 (-14 %)<br>• **Mulleres:**<br>- N.º de mulleres en 2013: 22<br>- N.º de mulleres en 2014:19<br>- Variación mulleres: -3 (-14 %)<br>• **Total:**<br>- N.º de persoas usuarias en 2013: 72<br>- N.º de persoas usuarias en 2014: 62<br>- Variación total: -10 (-14 %) |
| | Orzamento | Sen datos |

| MEDIDA 3.2.5.Atención sociosanitaria a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.2.5.1 Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Traballo e Benestar polo que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio de atención sociosanitaria a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Sergas (Consellería de Sanidade)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2012 con continuación en 2013 e 2014* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores hospitalizadas con trastorno mental grave estabilizadas e que non poden vivir no seu domicilio habitual derivadas a centros residenciais de maiores cos que ten convenio a Consellería de Traballo e Benestar. |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de persoas maiores beneficiarias por sexo:**<br>• **Homes:** n. d.<br>• **Mulleres**: n. d.<br>• **Total:** 45 |
| | Orzamento | Executada con fondos propios. |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 3:<br>PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE |
|---|
| **OBXECTIVO OPERATIVO 3.3:**<br>**Avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia non poidan seguir residindo no seu contorno habitual** |

| MEDIDA 3.3.2 Definición da carteira de servizos de atención ás persoas maiores en centros residenciais. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.3.2.1**<br>**Desenvolvemento da carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas en situación de dependencia ou que sen estar en situación de dependencia, se atopen en situación ou risco de padecela.<br>Ás entidades que contan coas correspondentes autorizacións administrativas para xestionar os servizos incluídos na carteira de servizos sociais. |
| | Resultados segundo indicadores | **Carteira de servizos definida:** si |
| | Orzamento | Sen datos |

| MEDIDA 3.3.3 Ampliación dos servizos de atención ás persoas maiores en centros residenciais. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.3.3.1 Mantemento e, de ser o caso, incremento da oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos destinadas á atención permanente a persoas maiores en centros residenciais.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Traballo e Benestar)* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. de Política Social:** sen datos<br>**Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:** Persoas valoradas con dependencia |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social:**<br>**Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención ás persoas maiores en centros residenciais:**<br>• **N.º de prazas en 2013**: 6.631<br>• **N.º de prazas en 2014**: 6.746<br>• **Variación anual 2014/2013**: +115 (+1,7 %)<br>**Variación anual do número de persoas usuarias por sexo**:<br>• **Mulleres:**<br>- N.º de mulleres en 2013: 4.243<br>- N.º de mulleres en 2014: 4.520<br>- Variación mulleres: +277 (+6,5 %)<br>• **Homes:**<br>- N.º de homes en 2013: 2.388<br>- N.º de homes en 2014: 2.226<br>- Variación homes: -162 (-6,8 %)<br>• **Total:**<br>- N.º de persoas usuarias en 2013: 8.091<br>- N.º de persoas usuarias en 2014: 8.280<br>- Variación total: +189 (+2,3 %) |

| | | |
|---|---|---|
| | | <u>Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar</u>: **Variación anual do número de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos para a atención ás persoas maiores en centros residenciais:**<br>• **N.º de prazas en 2013**:172<br>• **N.º de prazas en 2014**: 170<br>• **Variación anual 2014/2013**: -2 (-1 %)<br>**Variación anual do número de persoas usuarias por sexo**:<br>• **Mulleres:**<br>- N.º de mulleres en 2013: 147<br>- N.º de mulleres en 2014: 119<br>- Variación mulleres: -28 (-19 %)<br>• **Homes:**<br>- N.º de homes en 2013: 55<br>- N.º de homes en 2014: 48<br>- Variación homes: -7 (-13 %)<br>• **Total:**<br>- N.º de persoas usuarias en 2013: 202<br>- N.º de persoas usuarias en 2014: 167<br>- Variación total: -35 (-17 %) |
| | Orzamento | <u>**S. X. de Política Social:**</u><br>56.802.576 €<br><u>Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar</u>:<br>Sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.3.3.2 Convenio de colaboración co Sergas para a prestación de produtos farmacéuticos nas residencias de maiores e centros de atención a persoas con discapacidade.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Sergas (Consellería de Sanidade)*<br><br>*Convenios anuais con centros residenciais* | Persoas/Entidades destinatarias | Centros residenciais de persoas maiores e con discapacidade públicos ou conveniados coa Consellería de Traballo e Benestar |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de centros nos que se prestou o servizo:** 87 |
| | Orzamento | Executada con fondos propios |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 3.3.4 Mellora da atención das persoas maiores no ámbito da saúde mental.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.3.4.1 Promoción da creación de unidades ou módulos en residencias destinados á atención de persoas maiores dependentes que teñan por obxecto ofrecer unha atención máis específica ás persoas maiores que padezan alteración ou trastornos de conduta.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada.<br>Á espera de concretar as condicións de desenvolvemento dos servizos regulados no Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais para persoas en situación de dependencia. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| MEDIDA 3.3.5 Promoción do acceso das mulleres maiores vítimas de violencia de xénero a recursos destinados á atención a persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.3.5.1 Mantemento como criterio de valoración para o acceso aos servizos públicos e outros recursos destinados á atención ás persoas maiores a acreditación de ser vítima de violencia de xénero.**<br><br>*Nota: prodúcese unha variación con respecto a seguimentos anteriores, en canto a que se están a ter en conta neste caso a todas as persoas vítimas de malos tratos*<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Mulleres e homes con discapacidade e/ou en situación de dependencia vítimas de malos tratos |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de persoas que accederon a un recurso do SAAD a través do procedemento de emerxencia derivado dunha situación de malos tratos por sexo:**<br>• **Mulleres:** 10<br>• **Homes**: 5<br>• **Total:** 15 |
| | Orzamento | Sen datos |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 3:<br>PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO 3.4:<br>Promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores |

| MEDIDA 3.4.1 Desenvolvemento de accións formativas destinadas ás persoas responsables do coidado de maiores que residen no seu fogar. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.4.1.1 Programación e implementación de programas de actividades formativas destinadas a coidadores e coidadoras para mellorar os seus coñecementos e as súas habilidades nas tarefas de atención ás persoas maiores.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consellería de Sanidade* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. de Política Social:**<br>Coidadores non profesionais de persoas dependentes<br>**Cons. de Sanidade-Sergas**:<br>Actuación non executada en 2014. Dáse por rematada na anualidade anterior. |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social:**<br>**Denominación das actividades formativas realizadas:**<br>• Cursos de formación básicos<br>• Cursos de formación para as persoas usuarias da prestación de asistencia persoal.<br>• Cursos de reforzo da formación de persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia con demencia.<br>• Talleres de aplicación dos coidados en domicilio.<br>• Creación e dinamización de grupos de autoaxuda.<br>**N.º de actividades formativas realizadas**: 86<br>**N.º de persoas coidadoras participantes nas actividades formativas por sexo:**<br>• **Mulleres:** 613<br>• **Homes**: 94<br>• **Total:** 707<br>**Cons. de Sanidade-Sergas**:<br>Actuación non executada en 2014. Dáse por rematada na anualidade anterior. |
| | Orzamento | **S.X. de Política Social:**<br>39.237 €<br>**Cons. de Sanidade-Sergas**:<br>Actuación non executada en 2014. Dáse por rematada na anualidade anterior. |

| MEDIDA 3.4.2 Desenvolvemento de actuacións de formación permanente destinadas ás e aos profesionais e técnicos da atención ás persoas maiores para a mellora da calidade dos servizos prestados. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.4.2.1 Desenvolvemento de programas formativos dirixidos a profesionais da atención ás persoas maiores.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Escola Galega de Administración Pública – EGAP (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)*<br>*Consellería de Sanidade* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. de Política Social:** persoal técnico dos centros sociocomunitarios e centros de atención residencial a persoas maiores.<br><br>**Escola Galega de Administración Pública-EGAP**<br>1. Persoal funcionario dos grupos A1, A2 e C1 e persoal laboral grupos I e II.<br>2. Persoal que presta servizos nas residencias de maiores da Xunta de Galicia.<br>3. Xerocultores/as, persoal de atención directa no comedor e cociñeiros/as que traballen en centros do ámbito sociosanitario e en particular, en centros de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade, xestionados directamente pola Administración pública da C.A. de Galicia<br>4. Persoal directivo, persoal sanitario e xerocultores/as que desenvolvan as súas funcións no ámbito sociosanitario, en centros xestionados directamente pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.<br>5. Persoal técnico dos centros sociocomunitarios de benestar e dos servizos de atención residencial de persoas maiores e persoas con discapacidade.<br>6. Persoal técnico que realiza as valoracións nos EVOS (equipos de valoración e orientación).<br>7. Persoal administrativo e técnico dos EVOS (equipos de valoración e orientación)<br>8. Persoal funcionario e laboral da C. A. de Galicia que desempeñen o seu traballo no ámbito da accesibilidade<br><br>**Consellería de Sanidade**: actuación non executada 2014 por falta de demanda. |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social:**<br>**Número de actividades formativas realizadas**: 1<br>**Número de persoas participantes por sexo**:<br>• **Mulleres**: 15<br>• **Homes**: 3<br>• **Total**: 18<br><br>**Escola Galega de Administración Pública – EGAP**<br>**Número de actividades formativas realizadas**: 17<br>**Número de persoas participantes por sexo:**<br>• **Mulleres**: 372<br>• **Homes**: 117<br>• **Total**: 489<br>**Programas formativos:**<br>1. A nova aplicación informática do censo de persoas con discapacidade de Galicia. |

| | | |
|---|---|---|
| | | 2. Aplicación do baremo de valoración da dependencia (BVD) para a valoración da necesidade dunha terceira persoa.<br>3. Formación básica en proxectos de voluntariado.<br>4. Sensibilización fronte ao sistema de xestión e control de suxeicións restritivas en centros de atención sociosanitaria.<br>5. As normas de accesibilidade en Galicia.<br>6. Nutrición, dietética e alimentación nas persoas maiores.<br>7. V Curso superior de formación do técnico na Administración local.<br>8. Prevención de riscos laborais: Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (residencias de maiores) (10 edicións).<br>**As acción formativas enfocáronse cara aos seguintes obxectivos:**<br>1. Adquisición de competencias para o manexo e coñecemento das funcionalidades da aplicación informática que lle dá soporte á valoración do grao de discapacidade e do censo de persoas con discapacidade.<br>2. Aplicación práctica do baremo contemplado na normativa para a determinación da necesidade de 3ª persoa nos solicitantes do recoñecemento do grao de discapacidade<br>3. Dar a coñecer as funcións, programas e servizos dos centros sociocomunitarios e dos servizos de atención residencial de persoas maiores e persoas con discapacidade.<br>4. Envellecemento activo e prevención da dependencia. A lei de voluntariado de Galicia. Deberes e dereitos das persoas voluntarias. Identificación de necesidades obxecto de intervención dun proxecto de voluntariado. Programas e actividades dos centros sociocomunitarios e dos servizos de atención residencial de persoas maiores e de persoas con discapacidade nos que se poden integrar os voluntarios. Organización e xestión dos grupos de voluntarios<br>5. Sensibilizar a profesionais do sector sociosanitario cara á non utilización de suxeicións físicas e químicas. Dar a coñecer un novo modelo e unha nova cultura de coidado. Proporcionar os coñecementos básicos sobre as normas de accesibilidade en materia de urbanismo, edificacións, transporte e comunicación.<br>6. O proceso de envellecemento, as patoloxías máis prevalentes, as necesidades nutricionais específicas e as medidas dietéticas para mellorar a calidade de vida das persoas maiores.<br>7. O envellecemento: aspectos introdutorios. Fisioloxía do envellecemento. Aspectos psico-sociolóxicos. Necesidades nutricionais. Causas e consecuencias dunha alimentación desequilibrada. Malnutrición e deshidratación: medidas dietéticas. Alteracións dixestivas. Réxime adaptado. Patoloxías máis frecuentes |

| | | |
|---|---|---|
| | | no envellecemento. Alimentación domiciliaria. Alimentación en institucións.<br>8. Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia (residencias de maiores) segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.<br>***Nota:*** *boa parte das actividades descritas tiveron lugar na modalidade de teleformación, polo que se ten constancia de que hai alumnado procedente de todas as cidades e de distintas vilas de Galicia.*<br><br>**Consellería de Sanidade**: Actuación non executada 2014 por falta de demanda. |
| | Orzamento | **S. X. de Política Social:** 1.270 €<br>**Escola Galega de Administración Pública-EGAP**: 24.065 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.4.2.2 Difusión dos programas formativos entre técnicos/as e profesionais.**<br><br>*S.X. de Política Social*<br>*Escola Galega de Administración Pública – EGAP (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)* | Persoas/Entidades destinatarias | **Escola Galega de Administración Pública – EGAP:**<br>Profesionais que traballan no ámbito das persoas maiores e outros empregados públicos da Comunidade Autónoma de Galicia |
| | Resultados segundo indicadores | **Escola Galega de Administración Pública – EGAP:**<br>**Accións de difusión levadas a cabo:**<br>1. Páxina web da EGAP (egap.xunta.es)<br>2. Diario Oficial de Galicia (DOG)<br>3. Base de datos cos correos electrónicos dos potenciais destinatarios |
| | Orzamento | **Escola Galega de Administración Pública – EGAP:** 0 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.4.2.3. Organización de eventos para a análise e estudo de temáticas vinculadas ás persoas maiores e intercambio de experiencias.**<br><br>*S. X. política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | **1)** Profesorado e persoal investigador universitario. Planificadores de programas de "Universidade para Sénior". Xestores dos organismos colaboradores dependentes da Xunta de Galicia. Profesionais de departamentos da Xunta de Galicia relacionados con servizos asistenciais a maiores. Profesionais de empresas que prestan servizos de asistencia a maiores (residencias, servizos asistenciais e de ocio). Profesionais con interese en desenvolvemento empresarial, incluídos servizos financeiros. Público en xeral. Empresas TIC que desenvolven produtos e aplicacións orientadas a maiores. Asociacións de directivos empresariais. Asociacións "sénior", culturais, de voluntariado...<br>**2)** Xeriatras, xerontólogos e profesionais afíns. Profesionais de empresas que prestan servizos de asistencia a maiores (residencias, servizos asistenciais e de ocio). |
| | Resultados segundo indicadores | **1) TICSÉNIOR 2014. Contribución das TIC ao voluntariado e calidade de vida dos sénior**:<br>Conferencia: "Voluntariado e contribución dos maiores a unha mellor calidade de vida e benestar social".<br>Conferencia: "O método Hoffmann, un novo concepto de envellecemento".<br>Conferencia: "Iniciativas da U.E. no marco de H2020 e RIS3 para o envellecemento activo e calidade de vida dos maiores. Oportunidades para Galicia".<br>Mesa debate 1: Tecnoloxías que facilitan a independencia do maior.<br>Mesa debate 2: Integración do maior e colaboración interxeracional.<br>Conferencia: "As TIC como instrumento de intervención en persoas maiores para o envellecemento activo. Un caso de éxito: proxecto INTIC no centro de día de maiores da Cruz Vermella da Coruña."<br>**2) Relatorio "Retos e oportunidades para Galicia" no XXVI Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía:**<br>Relatorio "Retos e oportunidades para Galicia" |
| | Orzamento | **1) TICSÉNIOR 2014. Contribución das TIC ao voluntariado e calidade de vida dos sénior**: 10.500 €<br>**2) Relatorio "Retos e oportunidades para Galicia" no XXVI Congreso Internacional de Xeriatría e Xerontoloxía**: sen datos |

| MEDIDA 3.4.3 Colaboración coas universidades para a formación de profesionais no ámbito da atención a persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.4.3.1 Mantemento de acordos ou convenios de colaboración coas universidades galegas para o desenvolvemento de actividades de formación ou prácticas para profesionais de especialidades do ámbito das persoas maiores.**<br><br>*Consellería de Traballo e Benestar*<br>*Universidades* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 3:<br>PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO 3.5:<br>Asegurar que o desenvolvemento do catálogo de programas, servizos e recursos destinados ás persoas maiores se realice atendendo aos principios da calidade |

| MEDIDA 3.5.1 Aseguramento do cumprimento da normativa de regulamento de servizos de atención ás persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.5.1.1 Desenvolvemento de plans anuais de inspección e control para a garantía do cumprimento da normativa reguladora de centros e servizos dedicados á atención das persoas maiores e protección dos seus dereitos.**<br><br>*S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar (inspección de servizos sociais)* | Persoas/Entidades destinatarias | Entidades prestadoras de servizos sociais. |
| | Resultados segundo indicadores | **Número de actividades realizadas de inspección e control en servizos e centros de atención a persoas maiores:** 457 |
| | Orzamento | Executada con medios propios. |

| MEDIDA 3.5.3 Promoción da incorporación dos principios de xestión da calidade aos programas, servizos e recursos destinados á atención ás persoas maiores de titularidade pública e privada. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.5.3.1 Desenvolvemento de accións formativas sobre xestión da calidade para as persoas responsables de xestión dos programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores de titularidade pública.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Escola Galega de Administración Pública – EGAP (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)*<br>*D. X. de Familia e Inclusión* | Persoas/Entidades destinatarias<br>Resultados segundo indicadores<br>Orzamento | EGAP: actuación non executada en 2014 por falta de demanda da Consellería de Traballo e Benestar.<br>En calquera caso, a EGAP ofertou en 2014 un total de 200 prazas de formación con contidos específicos de xestión da calidade (100 prazas na modalidade de teleformación e 100 máis na modalidade de autoformación). O colectivo de destinatarios destas actividades está formado polo persoal dos subgrupos A1, A2, C1, I, II e III da Administración pública da comunidade autónoma (cursos de teleformación) e por todo o persoal ao servizo da Administración da comunidade autónoma (cursos de autoformación), entre os que tamén se atopan "persoas responsables de xestión dos programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores de titularidade pública". |
| **ACTUACIÓN 3.5.3.2 Elaboración da normativa que regule os criterios de acreditación dos recursos residenciais destinados ás persoas maiores.**<br><br>*S. X. T. da Consellería de Traballo e Benestar* | Persoas/Entidades destinatarias | Entidades prestadoras de servizos de promoción da autonomía e atención á dependencia. |
| | Resultados segundo indicadores | Deuse traslado á S. X. T. e á S. X. P. S. do borrador da norma que regulará a acreditación e autorización dos servizos destinados a persoas maiores. |
| | Orzamento | Sen datos |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.5.3.3 Valoración da acreditación de sistemas de xestión da calidade como criterio de selección nos procedementos de contratación e subvencións destinadas a recursos e servizos destinados á atención a persoas maiores.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*D. X. de Familia e Inclusión* | Persoas/Entidades destinatarias | Poboación solicitante de prestacións no marco da Lei de Dependencia, e solicitantes de valoración da situación de discapacidade. |
| | Resultados segundo indicadores | **Certificación de calidade do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia baixo o método EFQM:** Revisión dos procesos coa participación das unidades implicadas e actualización do mapa de procesos.<br>**Carta de servizos de valoración da discapacidade:** Continuouse coa elaboración da Carta e rematouse o borrador do documento. |
| | Orzamento | 18.718 € |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 3.5.4 Comprobación do cumprimento dos estándares de calidade definidos para os programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.5.4.1. Desenvolvemento de plans de avaliación e control da calidade en programas, servizos e recursos de atención ás persoas maiores, conforme á normativa de acreditación que no seu momento se regule.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*D. X. de Familia e Inclusión* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

**NÚCLEO DE ACCIÓN 3:**
**PRESTACIÓN DE SERVIZOS CON EFICACIA E CALIDADE**

**OBXECTIVO OPERATIVO 3.6:**
**Promover o desenvolvemento de novos recursos, programas e servizos destinados á atención ás persoas maiores, mediante a posta en marcha de actuacións altamente intensivas en termos de I+D+i**

| **MEDIDA 3.6.1 Fomento da investigación para o desenvolvemento de novos recursos e servizos destinados a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.6.1.1 Colaboración da Administración autonómica en proxectos de investigación de carácter autonómico, estatal e europeo que teñan como finalidade o desenvolvemento de novos recursos e servizos destinados a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas maiores.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* | Persoas/Entidades destinatarias | Universidade de Vigo<br>Outras organizacións |
| | Resultados segundo indicadores | 1. Contratación dun servizo para a realización dun estudo sobre a incidencia das tecnoloxías da información e a comunicación na detección precoz da dependencia e promoción do envellecemento activo.<br>2. Contrato dun servizo de colaboración para a Secretaría Xeral de Política Social para a definición e validación dun índice de envellecemento activo adaptado ao contexto galego. |
| | Orzamento | 1. 6.352,20 € (Universidade de Vigo)<br>2. 12.100 € |

| **MEDIDA 3.6.2 Promoción da divulgación de experiencias en materia de I+D+i destinadas á mellora dos recursos e servizos de atención ás persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 3.6.2.1 Difusión de proxectos ou experiencias novas en materia de I+D+i relacionadas coa atención ás persoas maiores.**<br><br>*S. X. de Política Social* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

## Resumo estatístico do núcleo 3

### Gráfico 7: Nivel de execución no núcleo de acción 3: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014




### Táboa 4: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 3

| PERSOAS BENEFICIARIAS POR PERFIL | N.º total de persoas beneficiarias | Distribución por sexo (%)* | |
|---|---|---|---|
| | | Mulleres | Homes |
| **Persoas maiores** | 36.391 | 68,6 % | 31,4 % |
| **Profesionais** | 507 | 76,3 % | 23,7 % |
| **Persoas coidadoras** | 707 | 86,7 % | 13,3 % |
| **Outros** | | - | - |
| **TOTAIS** | **37.605** | 69,0 % | 31,0 % |

* Estimado segundo os datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

### Gráfico 8: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 3




*Datos porcentuais estimados segundo datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

## IV.4. Núcleo de acción 4: Cooperación transversal

O plan propón neste núcleo de acción mecanismos e estratexias para o mantemento e a mellora da colaboración, corresponsabilidade e coordinación interdepartamental da Xunta de Galicia e das administracións locais e, tamén, mediante a transferencia e a difusión do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 en contextos internacionais. Por outro lado, mediante o deseño de actuacións específicas de difusión preténdese, ademais de lles dar coñecer o plan aos distintos sectores da poboación garantindo un maior impacto dos seus resultados, promover entre o tecido social o movemento asociativo, as entidades que traballan no ámbito das persoas maiores e da sociedade en xeral, a necesidade de participar e adoptar un papel activo e decisivo na implantación deste plan de acción.

En liña co sinalado anteriormente, establécense para este cuarto núcleo de acción os seguintes obxectivos xerais:

1. **Promover a cooperación entre os distintos departamentos da Administración autonómica e das corporacións locais para cumprir os obxectivos do plan e aplicar as súas medidas.**
2. **Establecer canles de cooperación que favorezan a difusión das medidas do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 a contextos internacionais.**
3. **Contribuír á difusión e á publicidade das actuacións do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015, de xeito que se garanta o impacto destas e se promova a necesidade de participación e a implicación da sociedade civil na implementación do plan.**

Con esta perspectiva, este núcleo comprende a planificación dun conxunto de medidas arredor dos seguintes obxectivos operativos:

**OBXECTIVO OPERATIVO 1: Establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que esixen unha actuación conxunta.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 2: Favorecer o desenvolvemento de sinerxías cara ao ámbito local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das políticas autonómicas.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 3: Promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación suprautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 aos galegos e galegas residentes no exterior.**

**OBXECTIVO OPERATIVO 4: Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015.**

Os organismos implicados na execución destes obxectivos serían, na versión inicial do plan de acción, os seguintes:

- S. X. da Emigración.
- S. X. de Medios.
- S. X. de Política Social.
- Entidades locais municipais.

Seguindo a estrutura establecida no plan, os catro obxectivos operativos formulados plásmanse a través de 9 medidas e 16 actuacións[19] para todo o período 2010-2013. Durante o ano 2014, estaban programadas a práctica totalidade das medidas (8[20]) que inclúen boa parte das actuacións (13[21]).

Os resultados obtidos poden apreciarse dun modo esquemático e organizado nas seguintes táboas elaboradas a partir dos indicadores de realización e de resultados establecidos no plan.

[19]Pasa de 15 a 16 debido á incorporación de dúas novas actuacións durante o ano 2011, dunha actuación en 2012 e á fusión das actuacións 4.1.1.1 e 4.1.1.2 e das actuacións 4.1.2.1 e 4.1.2.2.

[20]Aínda que as 9 estaban programadas no plan inicial para o ano 2014, elimínase unha por finalizarse durante o ano 2011.

[21]Para o ano 2014 estaban programadas no plan de acción orixinal 13 actuacións (tendo en conta a fusión das actuacións 4.1.1.1 e 4.1.1.2 e das actuacións 4.1.2.1 e 4.1.2.2), das que se restan dúas por finalizar no ano 2011 e se suman dúas (unha do ano 2011 e outra do 2012) das tres novas incorporacións (dúas do 2011 e unha do 2012) que teñen continuidade durante o 2014.

## NÚCLEO DE ACCIÓN 4: COOPERACIÓN TRANSVERSAL

### OBXECTIVO OPERATIVO 4.1: Establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que esixen unha actuación conxunta

| MEDIDA 4.1.1 Actualización conxunta de indicadores que afectan a diferentes axentes ou departamentos de medida e control dos procesos de atención a persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.1.1.1 Colaboración entre diferentes organismos públicos e privados para a execución de indicadores que implican os diferentes axentes ou departamentos que desenvolven actividades no ámbito das persoas maiores con competencias.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br><br>***Nota**: Actuación con modificación respecto da versión inicial do plan (ao igual que o enunciado da medida) e resulta da fusión das seguintes actuacións iniciais:*<br>*4.1.1.1. Creación de novos indicadores.*<br>*4.1.1.2. Fomento da participación na utilización destes novos indicadores conxuntos de todos os organismos públicos e privados e dos principais axentes implicados na atención ás persoas maiores.* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| MEDIDA 4.1.2 Constitución e mantemento dunha Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **Tamén para esta medida, debido a que as actuacións que se sinalan se refiren a funcións concretas da comisión á que se fai referencia no enunciado da propia medida, unifícanse nun só punto e os indicadores refírense directamente á medida.**<br>(ACTUACIÓN 4.1.2.1 Incorporación da perspectiva do envellecemento a medidas de tipo sectorial realizadas polas distintas consellerías da Xunta de Galicia.<br>ACTUACIÓN 4.1.2.2 Difusión a outros departamentos das medidas sectoriais dun departamento concreto que xa estivesen previamente orientadas ás persoas maiores). | Persoas/Entidades destinatarias | Departamentos da Xunta de Galicia implicados directa ou indirectamente no ámbito das persoas maiores. |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de consellerías /secretarías xerais que forman parte da comisión:** 9<br>Integrantes:<br>• Secretaría Xeral de Política Social-Consellería de Traballo e Benestar<br>• Presidencia da Xunta de Galicia<br>• Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza<br>• Consellería de Facenda<br>• Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas<br>• Consellería de Economía e Industria<br>• Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria<br>• Consellería de Sanidade<br>• Consellería de Medio Rural e do Mar<br>**N.º de xuntanzas da comisión realizadas:** 1 (IV Xuntanza da Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores, realizada o 14 de xullo de 2014).<br>**N.º de Consellerías/secretarías xerais que asistiron:** 6<br>**N.º de representantes asistentes por sexo:**<br>• **Mulleres**: 5<br>• **Homes:** 2<br>• **Total:** 7 |
| | Orzamento | Executada con medios propios. |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 4:<br>COOPERACIÓN TRANSVERSAL |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO 4.2:<br>Favorecer o desenvolvemento de sinerxías cara ao ámbito local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das políticas autonómicas |

| MEDIDA 4.2.1 Promoción da colaboración conxunta coas entidades locais municipais para o coñecemento das necesidades das persoas maiores e o deseño e a implantación de programas ou actuacións que lles dean resposta. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.2.1.1 Establecemento de convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as entidades locais municipais para o estudo e a implantación de programas de atención ás persoas maiores que viven soas (estudo estatístico, valoración de necesidades e implantación de programas).**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*Entidades locais municipais* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014 |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 4:<br>COOPERACIÓN TRANSVERSAL |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO 4.3:<br>Promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación suprautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 aos galegos residentes no exterior |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 4.3.2 Promoción da participación e visibilidade das persoas maiores na emigración a través da actividade de entidades sen ánimo de lucro.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.2.1**<br>**Desenvolvemento de convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro para a posta en marcha no exterior de actuacións previstas no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 ou que persigan fins análogos.**<br><br>*S. X. de Política Social*<br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. da Emigración**<br>Emigrantes maiores carentes de recursos<br>Entidades galegas, sen ánimo de lucro, asentadas fora de Galicia |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. da Emigración**<br>**Número de convenios de colaboración asinados:** 6<br>**Número de actividades realizadas conforme aos convenios asinados:** 988<br>**Organismos/entidades implicados:**<br>Fundación España (Arxentina)<br>Soc. Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro de Santos (Brasil)<br>Casa de Galicia e Asociación 1.ª Socorros Mutuos (Uruguai)<br>Fundación España Salud; Hermandad Gallega de Venezuela (Venezuela) |
| | Orzamento | **S. X. da Emigración**<br>157.000 € |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 4.3.3 Promoción dos recursos de atención ás persoas maiores residentes no exterior.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.3.1 Potenciación da rede de centros de día e residencias para a terceira idade xestionadas polas comunidades galegas no exterior.**<br><br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | Emigrantes maiores carentes de recursos<br>Entidades galegas, sen ánimo de lucro, asentadas fora de Galicia |
| | Resultados segundo indicadores | **Variación anual do número de prazas en centros de día:**<br>• **N.º de prazas en 2013**:143<br>• **N.º de prazas en 2014:** 58<br>• **Variación anual 2014/2013**: -41 %<br>**Variación anual do número de prazas en residencias:**<br>• **N.º de prazas en 2013**: 253<br>• **N.º de prazas en 2014**: 299<br>• **Variación anual 2014/2013**: +18 % |
| | Orzamento | 157.000 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.3.2**<br>**Desenvolvemento dun plan de formación para o persoal dos centros de día e residencias para a terceira idade xestionadas polas comunidades galegas no exterior.**<br><br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.3.3 Promoción do intercambio de información, experiencias e traballo entre as unidades asistenciais a persoas maiores no eido da emigración.**<br><br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada no ano 2014. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.3.4: Axudas económicas individuais a galegos e galegas residentes no exterior que se atopen en situación de necesidade.**<br><br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | Galegos e galegas residentes no exterior carentes de recursos. |
| | Resultados segundo indicadores | **Convocatoria das axudas:** Si. Resolución do 11 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e convocan as subvencións do programa de axudas económicas individuais para residentes no exterior durante o ano 2014.<br>**N.º de persoas maiores beneficiarias das axudas por sexo**:<br>• **Mulleres**: 4.748<br>• **Homes**: 2.984<br>• **TOTAL**: 7.732<br>**N.º de persoas maiores beneficiarias das axudas por país**:<br>• **Cuba**: 7.106<br>• **A Arxentina:** 259<br>• **O Uruguai:** 139<br>• **O Brasil:** 82<br>• **Venezuela:** 143<br>• **México:** 1<br>• **Chile:** 2 |
| | Orzamento | 1.950.544 € |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.3.5: Programas de viaxes a Galicia de emigrantes maiores e os seus cónxuxes que por carecer de medios non volveron en 15 anos ou mais. Programas "Reencontros na casa " e "Reencontros na Terra".**<br><br>*S. X. da Emigración*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2012 con continuación en 2013 e 2014* | Persoas/Entidades destinatarias | Galegos e galegas residentes no exterior carentes de recursos |
| | Resultados segundo indicadores | **N.º de participantes por países.**<br>• **A Arxentina:** 173<br>• **O Brasil:** 25<br>• **Cuba:** 12<br>• **O Uruguai:** 109<br>• **Venezuela**: 8<br>**N.º de participantes por sexo.**<br>• **Mulleres**. 136<br>• **Homes:** 191<br>• **TOTAL:** 327 |
| | Orzamento | Sen datos |

| MEDIDA 4.3.4 Creación de ferramentas de información en relación con cuestións de interese que afectan as persoas maiores residentes no exterior. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.4.1 Xeración dun mapa de riscos de vulnerabilidade para persoas maiores nas localidades con presenza de emigración galega.**<br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | Actuación non executada en 2014. |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.3.4.2 Xeración dun mapa de recursos para as persoas maiores no portal emigracion.xunta.es.**<br>*S. X. da Emigración* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | |
| | Orzamento | |

| NÚCLEO DE ACCIÓN 4:<br>COOPERACIÓN TRANSVERSAL |
|---|
| OBXECTIVO OPERATIVO 4.4:<br>Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 |

| MEDIDA 4.4.1 Desenvolvemento dunha campaña informativa para a difusión do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.4.1.2 Difusión das actuacións, servizos e programas recollidos no plan.**<br><br>*S.X. de Política Social*<br>*S.X. de Medios* | Persoas/Entidades destinatarias | **S. X. de Política Social**: sociedade en xeral. |
| | Resultados segundo indicadores | **S. X. de Política Social**:<br>• PLUS ES MÁS: espazo fixo no portal dixital. Ligazón á web de Benestar (todo o ano 2014). Apartado de administración informa.<br>• NOSOTROS LOS MAYORES: subscricións mensuais a residencias de Galicia (86 exemplares).<br>• ENTRE MAYORES: subscricións e cinco reportaxes no xornal *Entre Maiores*, relacionados con temas da área de Benestar.<br>• GRUPO SENDA:<br>- Subscricións mensuais da revista *Senda* a 26 residencias de Galicia.<br>- Subscricións mensuais da revista *Balance* a 26 residencias de Galicia.<br>- 6 microespazos no programa de radio “palabras maiores”.<br>- 2 reportaxes dunha páxina en *Senda Sénior.*<br>- 3 reportaxes dunha páxina en Balance da Dependencia.<br>• COLEXIO OFICIAL DE FISIOTERAPEUTAS DE GALICIA: elaboración, contidos e ilustracións, maquetación e deseño para unha guía en formato dixital de consellos de fisioterapia para coidadores e coidadoras de maiores e persoas en situación de dependencia.<br>• BAP CONDE: tradución e subtítulo en inglés do vídeo de Envellecemento activo (90”).<br>• CONVIVIR EN IGUALDADE: 55 programas, contando de luns a xoves e o especial do domingo.<br><br>**Intervencións nas que se fai referencia ao plan:**<br>S. X. de Política Social<br>16.05.2014 Acto de fin de curso, Programa Formación de Maiores do IV CICLO UNIVERSITARIO, en Lugo.<br>14.06.2014 Festa das persoas maiores, de Carballiño<br>20.06.2013 XXV Congreso Internacional Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría.<br>07.07.2014 Comida coas persoas maiores, en Cee<br>17.09.2014 Aulas de formación abertas. Vigo |

| | | |
|---|---|---|
| | | 18.09.2014 Acto Día do Alzhéimer con FAGAL. Pazo de Fonseca.<br>21.09.2014 Acto de Alzhéimercon AFALU en Lugo<br>11.12.2014 Entrevista Radio "Vivir en Igualdade"<br>Consellería de Traballo e Benestar<br>01.10.2014 Actos do Día do Maior de ATEGAL. Colexio Maior San Agustín |
| | Orzamento | **S. X. de Política Social**:<br>• PLUS ES MÁS.: 6.050,00 €<br>• NOSOTROS LOS MAYORES: 1.040,00 €<br>• ENTRE MAYORES: 18.000 €<br>• GRUPO SENDA: 10.437,00 €<br>• C. O. DE FISIOTERAPEUTAS DE GALICIA: 4.500 €<br>• BAP CONDE: 423,50 €<br>• CONVIVIR EN IGUALDADE: 40.000,00 €<br>• TOTAL: 80.450,50 € |

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 4.4.2 Promoción do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015, a través da participación en foros ou congresos especializados.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN 4.4.2.1 Participación en foros ou congresos que se realicen no eido estatal ou europeo, especializados no ámbito das persoas maiores, coa finalidade de fomentar a presenza e a participación de representantes do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015 neste tipo de eventos.**<br><br>*S .X. de Política Social*<br>*S. X. de Medios* | Persoas/Entidades destinatarias | Sen datos |
| | Resultados segundo indicadores | - Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría de Pontevedra "ESTILOS DE VIDA 3.0: ANALIZANDO AS CLAVES DUN ENVELLECEMENTO EN POSITIVO"<br>- Participación en seminarios e conferencias na rede Europea de Servizos Sociais:<br>1. Seminario sobre Planificación de Servizos Sociais; Viena (Austria).<br>2. Visita a un centro de persoas maiores dependentes (Cohousing); Bélxica.<br>3. Participación na Conferencia Europea de Servizos Sociais; Roma (Italia). |
| | Orzamento | 2.500 € (corresponde ao congreso internacional)<br>O resto de participacións: con recursos propios |

## Resumo estatístico do núcleo 4

### Gráfico 9: Nivel de execución no núcleo de acción 4: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014







### Táboa 5: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 4

| PERSOAS BENEFICIARIAS POR PERFIL | N.º total de persoas beneficiarias | Distribución por sexo ( %)* | |
|---|---|---|---|
| | | Mulleres | Homes |
| **Persoas maiores** | 8.059 | 60,6 % | 39,4 % |
| **Profesionais** | 7 | 71,4 % | 28,6 % |
| **Persoas coidadoras** | 0 | - | - |
| **Outras** | 0 | - | - |
| **TOTAIS** | **8.066** | **60,6 %** | **39,4 %** |

*Estimado segundo os datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

### Gráfico 10: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 4




*Datos porcentuais estimados segundo os datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

# V. RESUMO

## V.1. Actuacións de nova incorporación en 2014

Ao longo do ano 2014, incorporáronse ao plan 2 medidas e 10 actuacións que non estaban recollidas na súa programación inicial nin nas novas versión despois das achegas e das modificacións propostas pola Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoas Maiores.

A continuación, preséntase a relacións de medidas e actuacións incorporadas ao plan no seguimento 2014.

Comézase polas **medidas.** Cada unha delas vai ligada a unha actuación de nova incorporación. Son as seguintes:

- O núcleo de acción 1 “Promoción de valores e protección de dereitos”, no obxectivo operativo 3 “Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco”, requiriu da creación dunha medida específica, que se clasificou co número 4 e que se denominou “Desenvolvemento de accións para a protección xurídica das persoas maiores”. A actuación incorporada ao plan para esta medida é a “Divulgación e orientación sobre os dereitos básicos das persoas maiores”, da Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen).

| **MEDIDA (DE NOVA INCORPORACIÓN) 1.3.4 Desenvolvemento de accións para a protección xurídica das persoas maiores.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 1.3.4.1 Divulgación e orientación sobre os dereitos básicos das persoas maiores.**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores integradas nas agrupacións da distribución organizativa da Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (ASOGAPEN) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. |
| | Resultados segundo indicadores | Desenvolvemento de charlas-coloquio sobre os principios de Nacións Unidas, o testamento vital, a hipoteca inversa, os coidados paliativos, a dependencia, a accesibilidade, a tutela, a herdanza etc.<br><br>Os temas tratados nas charlas-coloquio alcanzaron tamén outros aspectos coma os malos tratos, a prevención para evitar a discapacidade, o deseño para todas as persoas, a protección contra o ruído, a degradación do medio ambiente etc.<br>**N.º de persoas maiores beneficiarias por sexo:**<br>• **Mulleres:** 580<br>• **Homes:** 551<br>• **TOTAL:** 1.131 |
| | Orzamento | 3.275 € |

- A actuación consistente na realización da acción voluntaria “compartir a soidade” (das persoas maiores) e “tes moito que ofrecer” incorporouse no núcleo de acción 2 “Envellecemento activo e participación social”, do obxectivo operativo 3 “Potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado incidindo nun principio de solidariedade interpersoal”, o que requiriu a creación da segunda e última medida de nova incorporación, que se denominou “Promoción do voluntariado para o acompañamento das persoas maiores”, que se numerou co número 4, e que constitúe polo momento a primeira e única actuación que forma parte desta.

| MEDIDA (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.3.4 Promoción do voluntariado para o acompañamento das persoas maiores. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.3.4.1 Acción voluntaria “compartir a soidade” (das persoas maiores) e “tes moito que ofrecer”.**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | Persoas/Entidades destinatarias | Persoas maiores |
| | Resultados segundo indicadores | A acción “***Compartir a soidade***”, desenvolvida por un grupo de persoas voluntarias, consiste en visitas ás persoas que viven soas ou que están en centros residenciais sen a calor das súas familiares, para facer posible a cultura da solidariedade humana e mellorar a súa autoestima etc.<br><br>O programa “***Tes moito que ofrecer***”, tamén desenvolvido por voluntariado, céntrase na chamada de atención á sociedade da importancia alcanzada polo voluntariado social fomentando a colaboración cidadá para que se implique nas accións de altruísmo en favor doutras persoas, nunha xenerosa entrega ás que o necesiten.<br>Tamén se celebran reunións mensuais coas persoas voluntarias para cambiar impresións sobre os programas cara á súa mellor avaliación e desenvolvemento.<br><br>**N.º de persoas maiores beneficiarias por sexo:**<br>• **Mulleres:** 1.050<br>• **Homes:** 792<br>• **TOTAL:** 1.842 |
| | Orzamento | Os gastos de desprazamento en medios propios ou utilizando os servizos de transporte público foron costeados, na súa totalidade, polas persoas integrantes do grupo de voluntariado, centrando as súas intervencións nas actuacións mais próximas aos seus propios domicilios. |

En canto ás **actuacións de nova incorporación** que non requiriron creación de nova medida, senón que se inclúen nas que xa recolle o plan, sinálanse a continuación:

- “Elaboración dun índice persoal de envellecemento activo adaptado ao contexto galego”, executada pola S. X. de Política Social. Atópase dentro do núcleo de acción 2 “Envellecemento

activo e participación social”, forma parte do obxectivo operativo 1 “Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable” e da medida 3 “Elaboración de instrumentos para a detección precoz e tratamento de procesos dexenerativos en xeral”, e clasifícase como actuación número 3.

| MEDIDA 2.1.3 Elaboración de instrumentos para a detección precoz e o tratamento de procesos dexenerativos en xeral. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.3.3 Elaboración dun índice persoal de envellecemento activo adaptado ao contexto galego.**<br><br>*S. X. de Política Social* | |

- Dentro do mesmo núcleo de acción e obxectivo operativo, pero formando parte da medida 4 “Desenvolvemento de programas para o mantemento das facultades físicas e psíquicas das persoas maiores, así como doutros programas de promoción de hábitos de vida saudables e abandono de hábitos nocivos e perniciosos”, engádense tres novas actuacións: as que fan a número 8 “Actividades deportivas para mantemento da plena actividade física e mental das persoas maiores” e número 9 “Mantemento e mellora da axilidade mental” desenvolvidas pola Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen) e a número 10 “Actividades de encontro entre persoas maiores para un uso positivo e saudable do tempo libre”, levada a cabo pola Confederación Galega de Organizacións de Maiores (Cogama).

| MEDIDA 2.1.4 Desenvolvemento de programas para o mantemento das facultades físicas e psíquicas das persoas maiores, así como doutros programas de promoción de hábitos de vida saudables e abandono de hábitos nocivos e perniciosos. | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.4.8 Actividades deportivas para mantemento da plena actividade física e mental das persoas maiores**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | |
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.4.9 Mantemento e mellora da axilidade mental**<br><br>*Asociación Galega de Persoas Maiores Pensionistas e Xubilados (Asogapen)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | |
| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.4.10 Actividades de encontro entre persoas maiores para un uso positivo e saudable do tempo libre**<br><br>*Confederación Galega de Organizacións de Maiores (Cogama)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* | |

- Tamén no mesmo núcleo de acción e obxectivo operativo pero dentro da medida 6 “Promoción do acceso das persoas maiores ás novas tecnoloxías” incorpórase no 2014 a actuación número 5 “Elaboración dun estudo sobre as TIC aplicadas ao envellecemento activo“, por parte da S.X. de Política Social.

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 2.1.6 Promoción do acceso das persoas maiores ás novas tecnoloxías.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

**ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.1.6.5 Elaboración dun estudo sobre as TIC aplicadas ao envellecemento activo.**

*S. X. de Política Social*

*Actuación de nova incorporación en 2014.*

Tamén no núcleo de acción 2, pero dentro do obxectivo 2 “Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións” e da medida 2 “Dinamización do movemento asociativo das persoas maiores e implicación na realización de actividades encamiñadas á promoción da autonomía persoal”, levouse a cabo a nova actuación 2.2.2.5.

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 2.2.2 Dinamización do movemento asociativo das persoas maiores e implicación na realización de actividades encamiñadas á promoción da autonomía persoal.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

**ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.2.2.5 Fomento da creación de novas asociación desde as organizacións xa existentes**

*Confederación Galega de Organizacións de Maiores (Cogama)*

*Actuación de nova incorporación en 2014.*

Continuando no mesmo núcleo, pero dentro do obxectivo 4 “Promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores” e da medida 1 “Promoción da participación das persoas maiores en actividades interxeracionais de carácter sociocultural e, en especial, en actividades de animación á lectura”, inclúese a actuación 2.4.1.3.

| | |
|---|---|
| **MEDIDA 2.4.1 Promoción da participación das persoas maiores en actividades interxeracionais de carácter sociocultural e, en especial, en actividades de animación á lectura.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |

| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.4.1.3 Animación á lectura desde o movemento asociativo**<br><br>*Confederación Galega de Organizacións de Maiores (Cogama)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* |
|---|

Formando parte do mesmo núcleo e obxectivo operativo pero dentro das actuacións pertencentes á medida 2 "Desenvolvemento de actividades artísticas e culturais para fomentar as habilidades das persoas maiores neste ámbito" atópase a última actuación incorporada durante o ano 2014: a 2.4.2.5.

| **MEDIDA 2.4.2 Promoción do acceso das persoas maiores a actividades formativas, de actividade física e mental, culturais e de lecer.** | 2010<br>2011<br>2012<br>2013<br>2014 |
|---|---|

| **ACTUACIÓN (DE NOVA INCORPORACIÓN) 2.4.2.5 Desenvolvemento de actividades artísticas e culturais para fomentar as habilidades das persoas maiores neste ámbito**<br><br>*Confederación Galega de Organizacións de Maiores (Cogama)*<br><br>*Actuación de nova incorporación en 2014.* |
|---|

Cómpre sinalar algún cambio máis que afecta a medidas/actuacións respecto da versión orixinal do plan, como resultado das modificacións propostas por algúns dos departamentos que forman parte da Comisión Interdepartamental de Atención ás Persoa Maiores:

- Cambio de denominación da actuación 2.1.3.2 de "Posta en marcha do Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia 2012" (de nova incorporación en 2012) a "Desenvolvemento do Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia"
- A actuación 2.1.4.5 "Fomento e difusión dos hábitos de vida saudables", de nova incorporación en 2012 por parte da Consellería de Sanidade que continuou en 2013, mantense en 2014 pola realización dunha nova actuación por parte da S. X. de Política Social.
- A actuación 2.1.4.7 "Promoción do turismo sénior en Galicia", de nova incorporación en 2013 no marco dun convenio entre a Axencia Galega de Turismo e a Asociación Galega de Propiedade Balnearia, mantense durante a ano 2014 xa que, aínda que o convenio non se renovou, realízanse novas actividades dirixidas a persoas maiores por parte da Axencia de Turismo de Galicia.
- A actuación 2.2.2.1 "Mantemento e, de ser o caso, ampliación da liña de axudas destinadas ao mantemento, funcionamento e desenvolvemento de actividades por parte das asociacións de persoas maiores de Galicia" e a actuación 2.2.2.2 "Promoción

da sinatura de convenios de colaboración con organizacións de persoas maiores, coa finalidade de contribuír ao seu mantemento, asesoramento, formación e apoio técnico e para favorecer a realización da súa actividade" fusiónanse, a todos os efectos por decisión do organismo responsable (a S. X. de Política Social), nunha única actuación xa que as liñas de subvención substituíronse polos convenios que financian tanto o mantemento das asociacións como os programas de actividades.

- A actuación 4.1.2.1 "Incorporación da perspectiva do envellecemento a medidas de tipo sectorial realizadas polas distintas consellerías da Xunta de Galicia" e a actuación 4.1.2.2 "Difusión a outros departamentos das medidas sectoriais dun departamento concreto que xa estivesen previamente orientadas ás persoas maiores" fusiónanse nunha única actuación xa que as actuacións que se sinalan se refiren a funcións concretas da comisión ás que se fai referencia no enunciado da propia medida. Unifícanse deste modo nun só punto e os indicadores refírense directamente á medida.

# V.2. RESUMO ESTATÍSTICO DOS RESULTADOS

## Nivel de execución

O **nivel de execución** do Plan galego das persoas maiores, 2010-2013, horizonte 2015, durante o 2014 dende a perspectiva das **medidas** acadou un 82,3 % do total programado e incorporado para o ano analizado. Os índices máis elevados obsérvanse nos núcleos de acción 2 e 1, cun 94,7 % e un 90 % respectivamente, seguido a unha considerable distancia polo núcleo 3, cun 76,0 %. O nivel máis reducido correspóndese co núcleo de acción 4, que se aproxima ás dúas terceiras partes do total programado (62,5 %).

**Táboa 6: Medidas executadas durante o ano 2014 en relación co total de medidas programadas e incorporadas**

| NÚCLEO DE ACCIÓN | N.º medidas programadas e incorporadas | N.º medidas executadas | Peso porcentual Medidas executadas sobre o total |
|---|---|---|---|
| **1. Promoción de valores e protección de dereitos** | 10 | 9 | 90,0% |
| **2. Envellecemento activo e participación social** | 19 | 18 | 94,7% |
| **3. Prestación de servizos con eficacia e calidade** | 25 | 19 | 76,0% |
| **4. Cooperación transversal** | 8 | 5 | 62,5% |
| **TOTAIS** | **62** | **51** | **82,3%** |

**Gráfico 11: Nivel de execución: porcentaxe de medidas que tiveron actividade en 2014 respecto do total programado**



En canto ao nivel de actividade dende a perspectiva das **actuacións**, a porcentaxe sitúase nun nivel lixeiramente inferior co 79,7 %. Por núcleo de actuación, o índice máis elevado é o 93,8 %, que se acada no núcleo 2 centrado no "Envellecemento activo e participación social", e o máis reducido é o 53,8 %, que atinxe ao núcleo 4 dedicado á "Cooperación transversal".

A porcentaxe de actuacións levadas a cabo, íntegra ou parcialmente, durante o ano 2014 no núcleo 3 "Prestación de servizos con eficacia e calidade" ascende ao 66,7 % do conxunto programado e incorporado, mentres que no núcleo 1 "Promoción de valores e protección de dereitos" das persoas maiores a porcentaxe é claramente superior, cun 90 % do total.

**Táboa 7: Actuacións executadas durante o ano 2014 con relación ao total de actuacións programadas e incorporadas**

| NÚCLEO DE ACCIÓN | N.º actuacións programadas e incorporadas | N.º actuacións executadas | Peso porcentual Actuacións executadas sobre o total |
|---|---|---|---|
| **1. Promoción de valores e protección de dereitos** | 20 | 18 | 90,0% |
| **2. Envellecemento activo e participación social** | 48 | 45 | 93,8% |
| **3. Prestación de servizos con eficacia e calidade** | 42 | 28 | 66,7% |
| **4. Cooperación transversal** | 13 | 7 | 53,8% |
| **TOTAIS** | **123** | **98** | **79,7%** |

**Gráfico 12: Nivel de execución: porcentaxe de actuacións realizadas respecto do total programado**



## Persoas beneficiarias

Aínda que se pode considerar que as persoas beneficiarias reais do Plan galego das persoas maiores son as preto de 650.000 persoas maiores residentes en Galicia, ademais das que permanecen no estranxeiro, as persoas coidadoras, familiares, profesionais do sector, estudantes…, durante o exercicio 2014 contabilizáronse máis de 217.000 persoas que se viron directamente implicadas nas actuacións levadas a cabo no contexto deste plan, segundo os indicadores relativos a persoas beneficiarias que se inclúen nunha parte importante das actuacións.

Se se teñen en conta os casos nos que se facilitou a desagregación de datos por sexo, estimativamente, algo máis das dúas terceiras partes (o 69,1 %) do colectivo beneficiario foron mulleres e o 30,9 % homes.

O núcleo de acción que concentra un maior número de persoas participantes/beneficiarias é o 2 que, con máis de 156.000 persoas, supón o 72 % do total, das que o 70,1 % foron mulleres e o 29,9 % homes. O segundo núcleo por número de persoas implicadas nas actuacións é o 3, con preto de 38.000 participantes (o 17,3 % do conxunto), cunha proporción de mulleres do 69 %. Con máis de 15.000 participantes (o 7 % do total), o núcleo 1 ocupa o terceiro posto en persoas contabilizadas a través dos indicadores (66,2 % mulleres é 33,8 % homes). Finalmente, pecha a relación o núcleo 4, que concentra o 3,7 % do total de persoas beneficiarias directas contabilizadas; neste caso, o peso da poboación feminina é do 60,6 % e da masculina o 39,4 %.

**Táboa 8: Persoas beneficiarias por núcleo de acción: números absolutos e distribución porcentual estimada por sexo**

| NÚCLEO DE ACCIÓN | N.º de persoas beneficiarias | Distribución por sexo ( %)* | |
|---|---|---|---|
| | | Mulleres | Homes |
| **1. Promoción de valores e protección de dereitos** | 15.176 | 66,2% | 33,8% |
| **2. Envellecemento activo e participación social** | 156.381 | 70,1% | 29,9% |
| **3. Prestación de servizos con eficacia e calidade** | 37.605 | 69,0% | 31,0% |
| **4. Cooperación transversal** | 8.066 | 60,6% | 39,4% |
| **TOTAIS** | **217.228** | **69,1%** | **30,9%** |

* Estimado segundo os datos dispoñibles nas actuacións nas que se facilitou este dato e de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

### Gráfico 13: Distribución das persoas beneficiarias por núcleo de acción




Nota: Datos porcentuais estimados a partir só das actuacións nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

### Gráfico 14: Distribución das persoas beneficiarias por núcleo de acción e sexo




Nota: datos porcentuais estimados segundo os datos dispoñibles nas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

Co obxectivo de realizar unha análise máis pormenorizada das persoas beneficiarias do plan, segmentáronse estas en función dunha serie de perfís predefinidos:

1. Persoas maiores: en xeral, comprende as mulleres e os homes maiores de 65 anos, aínda que a gran diversidade de actuacións que abrangue o plan leva a que nalgúns casos inclúa a persoas dende os 60 anos. Tamén se inclúen outras clasificacións, que poden considerar persoas menores de 65 anos, pero estímase que en baixas proporcións dada a información facilitada.
2. Profesionais relacionados coa atención ás persoas maiores.
3. Persoas coidadoras de persoas maiores.
4. Outros: grupo no que se inclúen todas aquelas categorías cuxa baixa proporción no total non recomenda a súa desagregación (familiares de persoas maiores, persoas voluntarias relacionadas coa atención ás persoas maiores, alumnado en prácticas de estudos relacionados co ámbito das persoas maiores...).

A partir da clasificación das persoas beneficiarias en función do seu perfil, obsérvase que a poboación beneficiaria está formada maioritariamente por persoas maiores (o 94,4 %) e suman preto de 205.000 persoas, das que o 69,2 % (segundo a mostra analizada) son mulleres.

### Táboa 9: Persoas beneficiarias por perfil

| PERSOAS BENEFICIARIAS POR PERFIL | N.º total de persoas beneficiarias | Distribución por sexo ( %)* | |
|---|---|---|---|
| | | Mulleres | Homes |
| **Persoas maiores** | 205.096 | 69,2 % | 30,8 % |
| **Profesionais** | 1.424 | 77,6 % | 22,4 % |
| **Persoas coidadoras** | 1.261 | 86,7 % | 13,3 % |
| **Outros (familiares, voluntarios, alumnado…)** | 9.447 | 62,1 % | 37,9 % |
| **TOTAIS** | **217.228** | **69,1 %** | **30,9 %** |

*Estimado segundo os datos dispoñibles nas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

O resto de perfís identificados teñen un peso moi reducido, con porcentaxes inferiores ao 5 %, segundo se pode observar na táboa 9 e no gráfico 15.

### Gráfico 15: Distribución das persoas beneficiarias por perfil




Nota: datos estimados a partir dos datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

**Gráfico 16: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo**




Nota: os datos por sexo estímanse segundo os datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se facilitou este dato de entre aquelas nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

O seguinte gráfico mostra a distribución das persoas beneficiarias por perfil para cada núcleo de acción e para o total. No núcleo 4, o predominio de persoas maiores como beneficiarias directas chega a ser case absoluto. O núcleo 1 é o que presenta unha estrutura máis diversificada respecto do comentado para o conxunto, xa que os e as profesionais supoñen o 4,3 % do total e o resto de categorías o 50,5 %, o que reduce a proporción de persoas maiores ata o 45,2 % neste núcleo de acción.

**Gráfico 17: Distribución das persoas beneficiarias por núcleo de acción e perfil**




Nota: datos estimados a partir dos datos dispoñibles naquelas actuacións nas que se considera como indicador o número de persoas beneficiarias.

### Orzamento

O orzamento asignado ás actuacións executadas ao longo do ano 2014, segundo os datos dispoñibles no momento de elaboración deste informe, ascende a 79,5 millóns de euros. Debe

terse en conta que nalgúns casos as medidas se levaron a cabo con medios propios dos distintos departamentos e organismos implicados ou non tiñan un orzamento específico dentro doutras partidas de carácter máis xeral, o que impediu coñecer o seu custo.

### Táboa 10: Orzamento estimado por núcleo de acción

| NÚCLEO DE ACCIÓN | Orzamento | Distribución do orzamento |
|---|---|---|
| **1. Promoción de valores e protección de dereitos** | 1.032.719 | 1,3 % |
| **2. Envellecemento activo e participación social** | 9.625.717 | 12,1 % |
| **3. Prestación de servizos con eficacia e calidade** | 66.503.375 | 83,6 % |
| **4. Cooperación transversal** | 2.347.495 | 3,0 % |
| **TOTAIS** | **79.509.306** | **100 %** |

Nota: Datos estimativos en función da información facilitada.

### Gráfico 18: Distribución do orzamento estimado por núcleo de acción




Nota: datos estimativos en función da información facilitada.

## V.3. ANÁLISE XEOGRÁFICA

Nesta epígrafe analízanse os resultados estatísticos relativos a tres variables recollidas na ficha de seguimento 2013 para cada actuación executada: o lugar de realización (no caso que estivese ligada a un lugar físico de realización), a clasificación do hábitat do lugar ou lugares e o ámbito xeográfico de cobertura.

### Lugar de realización

A recompilación da información sobre os municipios onde se levaron a cabo dun modo efectivo as distintas actuacións desenvolvidas durante a anualidade 2013 dentro do Plan galego das persoas maiores 2010-2013, independentemente do seu ámbito de actuación (fose este local, provincial, autonómico…), permitiu coñecer a distribución territorial destas.

Se se fai esta análise no eido provincial, obsérvase que a provincia que acolleu un maior volume de actividade foi a da Coruña co 31,2 % do total, seguida de Pontevedra con menos da cuarta parte (o 23,4 %) e, por último, Ourense e Lugo co 27,1 % e 18,3 %, respectivamente.

**Gráfico 19: Distribución das actuacións executadas por provincias**




Nota: datos estimativos en función da información facilitada.

### Tipo de hábitat

A clasificación do lugar de realización das actuacións executadas por tipo de hábitat reflicte como resultado que o 7,7 % das actuacións se desenvolveron nun ámbito urbano e a mesma porcentaxe nun ámbito rural. A maior parte das actividades ou actuacións (o 84,6 % restante) desenvolvéronse tanto en hábitat rural como urbano. Esta distribución porcentual está calculada de forma estimativa a partir dos datos facilitados sobre o lugar (ou lugares) específico de realización das actuacións, no caso de que estivesen ligadas a un lugar físico e que isto fose indicado debidamente polo departamento ou polo organismo competente.

**Gráfico 20: Distribución das actuacións executadas por tipo de hábitat**




Nota: datos estimativos en función da información facilitada.

### Ámbito de cobertura

Por último, a análise do ámbito de cobertura indica que a maior parte das actuacións executadas durante o ano 2014 no marco do Plan galego das persoas maiores foron de ámbito autonómico (69 %). Séguenlle, a moita distancia, as de ámbito local (cun 17,2 %) e as dirixidas ou executadas no exterior cun 6,9 %. As de ámbito provincial, suprarexional e europeo, cun 2,3 % respectivamente, pechan a listaxe.

### Gráfico 21: Distribución das actuacións executadas por ámbito xeográfico




Nota: datos estimativos en función da información facilitada.

# ANEXO – RELACIÓN DE PERSOAS DE CONTACTO POR DEPARTAMENTO/ORGANISMO RESPONSABLE

## Departamentos da Xunta de Galicia

| ORGANISMO/ENTIDADE | PERSOA DE CONTACTO PARA O SEGUIMENTO DO PLAN | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| **Presidencia da Xunta** | | |
| Secretaría Xeral de Medios | Marina Cid Dopazo | secretaria.xeral.presidencia@xunta.es<br>marina.cid.dopazo@xunta.es |
| Secretaría Xeral de Emigración | | |
| Secretaría Xeral para o Deporte | | |
| Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia-Amtega | | |
| Axencia Turismo Galicia | | |
| **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** | | |
| Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e Recursos Humanos | Victoria Núñez López | victoria.nunez.lopez@xunta.es |
| **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** | | |
| Área de Panificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas | Héctor Presas Veiga | hector.presas.veiga@xunta.es |
| **Consellería de Economía e Industria** | | |
| Consellería de Economía e Industria | Juan Carlos Pernas Maques | juan.carlos.pernas.maques@xunta.es |
| **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** | | |
| Área de Cultura | Consuelo Meiriño Sánchez | consuelo.meirino.sanchez@xunta.es |
| Área de Educación | María Eugenia Pérez Fernández | maria.eugenia.perez.fernandez@xunta.es |
| Subdirección Xeral de Universidades | | |

| ORGANISMO/ENTIDADE | PERSOA DE CONTACTO PARA O SEGUIMENTO DO PLAN | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| **Consellería de Sanidade** | | |
| Dirección de Asistencia Sanitaria | José Manuel Fernández García | jose.manuel.fernandez.garcia@sergas.es |
| **Consellería de Traballo e Benestar** | | |
| Secretaría Xeral Técnica | Purificación Vázquez Vázquez | pura.vazquez.vazquez@xunta.es |
| Secretaría Xeral de Política Social | | |
| Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado | | |
| Dirección Xeral de Familia e Inclusión | | |
| Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga | | |
| Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar | | |
| **Consellería do Medio Rural e do Mar** | | |
| Secretaría Xeral Técnica (Vicesecretaría Xeral) | Carlos Gómez Martínez | carlos.gomez.martinez@xunta.es |

## UNIVERSIDADES

| ORGANISMO/ENTIDADE | PERSOA DE CONTACTO PARA O SEGUIMENTO DO PLAN | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| **Universidade Sénior (UDC)** | | |
| Dirección | M.ª Pilar García de la Torre | direccion.senior@udc.es<br>mpgarcia@udc.es |
| **UNED Sénior A Coruña.** | | |
| Dirección do centro asociado UNED-A Coruña | Susana Blanco Miguélez | director@a-coruna.uned.es |
| **IV ciclo Universitario (USC)** | | |
| Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua | Francisco Ramón Durán Villa | francisco.duran@usc.es<br>vr.estudantes@usc.es |
| **Aulas de Formación Aberta - Programa para Maiores (Uvigo)** | | |
| Vicerreitoría de Extensión Universitaria Programa para Maiores | José Fariña Fariña | josecho@uvigo.es |

## Organizacións de persoas maiores

| ORGANISMO/ENTIDADE | PERSOA DE CONTACTO PARA O SEGUIMENTO DO PLAN | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| **Fetega-Federación Territorial de Asociacións de Pensionistas e Xubilados UDP** | | |
| Presidencia | M.ª Luisa Ansorena Hortega | udpcoruna@hotmail.com |
| **Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos. Aulas da 3.ª Idade** | | |
| Presidencia | Rafael Romero Valencia | coordinacion@ategal.com |
| **Cogama-Confederación Galega de Asociacións de Persoas Maiores** | | |
| Presidencia | José Piñeiro Bernárdez | asogapen@asogapen.com<br>cogama@msn.com |
| **Feampo-Federación de Asociacións de Maiores de Pontevedra** | | |
| Presidencia | José Andrade Paz | asogapen@asogapen.com<br>cogama@msn.com |
| **Asogapen-Asociación Galega de Persoas Maiores, Pensionistas e Xubilados** | | |
| Presidencia | José Andrade Paz | asogapen@asogapen.com<br>cogama@msn.com |
| **Asogama-Asociación de Maiores de Galicia** | | |
| Presidencia | Indalecio Vidal Iglesias | info@asogama.org<br>correo@cosaga.com |

## Outros

| ORGANISMO/ENTIDADE | PERSOA DE CONTACTO PARA O SEGUIMENTO DO PLAN | ENDEREZO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| **SECOT-Séniors Españois para a Cooperación Técnica** | | |
| Secretaría da Delegación da Coruña | Gabriel Tirapu Díaz | coruna@secot.org |
| Presidencia da Delegación de Vigo | José Antonio Fernández González | vgodel@secot.org |

# Índice de táboas

Táboa 1: Actuacións programadas para o ano 2014 en relación co total do período do plan ... 13

Táboa 2: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 1 ... 32

Táboa 3: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 2 ... 63

Táboa 4: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 3 ... 89

Táboa 5: Persoas beneficiarias por perfil no núcleo de acción 4 ... 100

Táboa 6: Medidas executadas durante o ano 2014 en relación co total de medidas programadas e incorporadas ... 107

Táboa 7: Actuacións executadas durante o ano 2014 con relación ao total de actuacións programadas e incorporadas ... 108

Táboa 8: Persoas beneficiarias por núcleo de acción: números absolutos e distribución porcentual estimada por sexo ... 109

Táboa 9: Persoas beneficiarias por perfil ... 111

Táboa 10: Orzamento estimado por núcleo de acción ... 113

# Índice de gráficos


Gráfico 1: Medidas programadas para o ano 2014 en relación co total do período do plan ..... 14

Gráfico 2: Actuacións programadas para o ano 2014 con relación ao total do período do plan 14

Gráfico 3: Nivel de execución dentro do núcleo de acción 1: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014 ..... 32

Gráfico 4: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 1 ........ 32

Gráfico 5: Nivel de execución no núcleo de acción 2: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014 ..... 63

Gráfico 6: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 2 ........ 63

Gráfico 7: Nivel de execución no núcleo de acción 3: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014 ..... 89

Gráfico 8: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 3 ........ 89

Gráfico 9: Nivel de execución no núcleo de acción 4: porcentaxe de medidas e de actuacións que rexistraron actividade en 2014 ..... 100

Gráfico 10: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo no núcleo de acción 4 .... 100

Gráfico 11: Nivel de execución: porcentaxe de medidas que tiveron actividade en 2014 respecto do total programado ..... 107

Gráfico 12: Nivel de execución: porcentaxe de actuacións realizadas respecto do total programado ..... 108

Gráfico 13: Distribución das persoas beneficiarias por núcleo de acción ..... 110

Gráfico 14: Distribución das persoas beneficiarias por núcleo de acción e sexo ..... 110

Gráfico 15: Distribución das persoas beneficiarias por perfil ..... 111

Gráfico 16: Distribución das persoas beneficiarias por perfil e sexo ..... 112

Gráfico 17: Distribución das persoas beneficiarias por núcleo de acción e perfil ..... 112

Gráfico 18: Distribución do orzamento estimado por núcleo de acción ..... 113

Gráfico 19: Distribución das actuacións executadas por provincias ..... 114

Gráfico 20: Distribución das actuacións executadas por tipo de hábitat ..... 115

Gráfico 21: Distribución das actuacións executadas por ámbito xeográfico ..... 116

galicia

XUNTA DE GALICIA